



ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADO O DIA TRECE DE XULLO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES

ALCALDESA: DONA MARIA LOUREIRO GARCIA.

CONCELLEIROS:

D.JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL, PSdG-PSOE
MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LOPEZ, independente.
DON JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ , PSdG-PSOE
DONA LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ- NORIEGA, PSdG-PSOE
DON EMILIO VILLARMEA MENDEZ, PSdG-PSOE
DONA MARIA SOLEDAD REY YÁNEZ , PSdG-PSOE
DON CARLOS ALBERTO GUEIMUNDE CABALEIRO, PSdG-PSOE
DON ANTONIO JOSE BOUZA RODIL, P.P
DON JAIME EDUARDO DE OLANO VELA,PP
DON CELESTINO VALENTIN GARCI PAZ P.P
DON BELINDA BERMÚDEZ OTERO,P.P.
DONA MARIA JESÚS VALE LOPEZ,PP
DON BERNARDO JOSE FRAGA GALDO, NON ADSCRITO
DON MANUEL GALDO DOPICO, NON ADSCRITO
Dª. DONA SARAY BLANCO CANOURA
DON MARCOS BESADA ALVAREZ, SON VIVEIRO.

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN

DON SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA ACCTAL: DONA FATIMA MOAR RIVERA

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día **13 de Xullo de 2016** , reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno do Concello, previa convocatoria ao efecto, e en primería convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, Dona María Loureiro García, asistida da Secretaria accidental, e coa asistencia das persoas refletidas anteriormente.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declaa aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1º.- APROBACION SE PROCEDE DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DE DATA 27 DE MAIO DE 2016.



Pola Sra. Alcaldesa Dona María Loureiro García, pregúntase ós Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación que facer á acta da sesión extraordinaria do 27.05.2016., tendo en conta que a totalidade

dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión epigrafiada nos termos esixidos no arto 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Prodúcese a obxección de Don Jesús Fernández Fernández, Concelleiro de Facenda e do Grupo do PSG-PSOE, que ven en manifestar que non está conforme coa aprobación da acta ata que se faiga constar a súa intervención e ven en solicitar se recolla o manifestado no acordo en relación co escrito da CIUG.

A Sra. Alcaldesa accede ó solicitado polo Sr. Fernández Fernández e dí á secretaria que se recolla na presente acta a súa intervención como obxección ou puntualización antes de ser aprobada a mesma.

A Sra. Secretaria acctal da conta de que foi omitido involuntariamente o manifestado polo Sr. Jesús Fernández Fernández no acordo polo que se remite convenio proposto pola Comisión Interuniversitaria de Galicia para a celebración dentro do termo municipal de Viveiro das probas de acceso á universidade para os alumnos de bacharelato que cursan estudos en centros situados na Mariña Lucense-Ano 2016, sendo a financiación por **importe de 12.640,15 Euros.**, e que entre outros di:

"No convenio asinado hai nove Institutos como Vicedo, Burela, Cervo Xove, Foz, Ribadeo, Ortigueira etc, dos que oito son da Mariña Lucense e un instituto da zona de Ortegá, do Concello de Ortigueira. Continúa e dí que, lxicamente o Concello de Viveiro por ser onde se examinan e fan as probas e o que asina o convenio coa universidade ten que adiantar o importe de **12.640,15 Euros** como todos os anos, e seguidamente se lles manda unha comunicación a cada concello cos alumnos do instituto e a cantidade que corresponde a cada concello por alumno. Hai unhas cantidades que van, dende o ano 2008 que se pagaban 58 euros por alumno ata o ano 2015, que se abonan 136,93 euros por alumno.

Continúa e dí: " o Concello de Viveiro está o día no pago e hai que adiantar a cantidade enteira. Tamén o Concello de Cervo está ao día; tamén o oncello de Burela está ao día no pago, xa que realizou o últmo abono do ano 2015, o 2 de marzo por un importe de 2.806,68 euros. **O Concello de Foz**, ten unha débeda que ascende a **13.087,85 Euros** dende o ano 2008. O Concello de Ribadeo pagou as anualidades de 2008, 2009, 2010, e actualmente debe o ano 2011,2012,2013,2014,e 2015, que ascende a débeda a **10.283,55 Euros**.

O Concello de Ortigueira dende o ano 2008 ata o ano 20015 non fixo ningún pagamento, ascéndendo a débeda a **7.329,41 Euros**. Sumando todas estas cantidades, a débeda a este Concello, ascende a **30.700,52 euros**.

Continúa e dí: "De feito , en varias ocasións se fixo o requirimento formal deste Concello aos concellos para que aboaran as cuotas, e para que conste en acta- que este é un informe de Tesourería e por poñer un exemplo:



“ Ao Concello de Foz, no ano 2011; solicítanse as cuotas correspondentes aos anos: 2008, 2009, 2010. -No ano 2013; solicítanse o correspondente aos anos 2011 e 2012, no ano 2015; o correspondente aos anos 2013 e 2014 e no ano 2016; a cuota correspondente ao ano 2015.”

“ Ao Concello de Ortigueira fíxose de maneira similar. ..

“ Ao Concello de Ribadeo no ano 2013 reclamóuselle as anualidades do ano 2011, e 2012; no ano 2014 reclamóuselle as cuotas correspondentes ás anualidades do ano 2013; no ano 2015 as correspondentes ao ano 2014 e no ano 2016, as cuotas correspondentes ao ano 2015.

Para rematar, dí que este é un servizo para todos os estudantes da Mariña para non ter que desplazarse a localidades máis lonxas. Tampouco sei si este ano será o último, pero xa falamos co Alcalde de Foz e xa ao Sr. Concelleiro Antonio Bouza Rodil falou co Interventor dese Concello e xa se lle dixo que a súa vontade era pagar dunha vez esta débeda ao Concello de Viveiro, e polos concelleiros non adscritos xa se dí que se siga reclamando, que os vecinos de Viveiro non teñen porque aboar as débedas que comparten con outros Concellos..

E non producíndose ningunha obxección ou puntualización, o Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación a Acta extraordinaria do 27 de maio de 2016.

2º.-DACION DE CONTA DE RESOLUCIONS DA ALCALDÍA

Pola Sra.Alcaldesa dase conta das Resolucíons dictadas pola Alcaldía, as cales estiveron á disposición dos Concellerios coa restante documentación integra do Pleno. Non se producen intervencións e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda darse por informado das Resolucíons dictadas pola Alcaldía.

3º.-EXPEDIENTE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL E SUPLEMENTO DE CREDITO

Pola Sra.Alcaldesa delégase no Concelleiro de facenda D.Jesús Fernández Fernández quén da conta ao Pleno do seguinte:

“ordenase a incoación de expediente de modificación orzamentaria conxuntamente ao de recoñecemento extraxudicial de crédito para propoñer a aprobación das facturas ou gastos de exercicios anteriores de obras ou servizos, con insuficiencia de consignación orzamentaria no ano de procedencia, que por diversos motivos non se puideron atender en anos anteriores, conformadas ou informadas e visto

ase mesmo informe de intervención obrante no expediente, relativo a non existencia de consignación orzamentaria previa á realización do gasto incumprindo a normativa facendística e consecuentemente a emisión da desconformidade con reparo de legalidade suspensivo, na tramitación dos gastos a que se refire o presente expediente.



Tendo en conta que se propón conxuntamente a modificación do vixente orzamento, e unha vez que sexa definitivo, terán consignación as facturas referidas polo importe de 49.148,80€ nas aplicacións orzamentarias reflectidas no informe de intervención.

Considerando necesario e obrigatorio atender os gastos realizados e conformados tendo en conta a teoría do enriquecemento inxuto.

Considerando necesario e urxencia en recoñecer as ditas obrigas de anos anteriores pendentes de aplicar ao orzamento para proceder ao seu pago evitando atrasos no período medio de pago, e dada a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento sen perturbar as previsións deste exercicio segundo figura na memoria da modificación que acompaña á presente proposta.

Propoñese al Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito polo importe total de **49.148,80 €**, como indemnización substitutiva a favor dos terceiros interesados dos gastos ocasionados pola realización da prestación nos anos anteriores, segundo o detalle e aplicacións orzamentarias **que figuran no Anexo I**

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento 2016, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

AUMENTO DE CRÉDITOS:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
1532-210	Infraestructuras e bens naturais. Vías Públicas.	4.768,19 €
1532-619	Outras inver. reposición en infras y bb. Vías Públicas	20.420,52 €
1650-210	Infras y bb naturales. Alumeado Público	535,43 €
1650-22100	Enerxía eléctrica. Alumeado Público	398,71 €
2310-22699	Outros gastos diversos. S. Sociais.	234,45 €
3340-22609	Activ. culturais e deportivas. Promoción cultural	13.694,72 €



3380-22609	Actividades culturais e deportivas.Festas populares	1.456,28 €
3400-223	Transportes. Deportes	4.950,00 €
3400-22602	Publicidade e propaganda. Deportes	1.241,20 €
3420-212	Edificios e outras construcións.Inst. Deportivas	399,30 €
9120-22601	Atenciones protocolarias e repres. Órganos de Goberno.	1.050,00 €
TOTAL		49.148,80 €

Financiamento:

870.00 Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais 49.148,80 €

TERCEIRO.- Exponer o presente expediente ao público mediante anuncio inserto no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, quedando a disposición do público na Intervención municipal polo prazo de QUINCE días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O presente expediente considerarase definitivamente aprobado si perante o citado prazo non se formulan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá de un mes para resolvelas.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A de D. Antonio José Bouza Rodil, como voceiro do PP, e ven en manifestar que xa se pronunciou na Comisión Informativa de Economía e non é ningunha novidade o que vamos a dicir porque nós non estamos de acordo coa situación económica deste Concello e con este tipo de facturas que se traen aquí, porque non había presuposto, e son facturas con reparos suspensivos, por iso se traen ao Pleno para que sexa levando o reparo, e como dí o informe de Intervención: "trátase dunha forma anormal", polo que nós vámonos votar abstención.

A de D. Bernardo José Fraga Galdo, concelleiro non adscrito quén dí que algunhas facturas son desproporcionadas como unhas de 20.420,22 €. e xa fomos críticos, pero estes son traballos feitos e estas facturas hainas que pagar, senon xa entramos en procesos xudiciais, en pagar intereses etc, polo que vamos votar a favor.

A de D. Marcos Besada Alvarez, concelleiro do Grupo Son Viveiro, quén manifesta que non tivo ocasión de asitir á Comisión informativa, pero como apunto o meu compañeiro Sr. Fraga Galdo, os traballos están feitos e hai que pagar. Reclamamos transparencia e porque temos dúbidas vams votar a favor.

Seguidamente toma a palabra D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, e indica que algunhas facturas que ascenden a 20.420,22 €uros de Caferlo



S.L: son facturas de obra e mellora de acceso a Chavín e referente á traida de augas que cando se puxo ia por debaixo das beirarruas e estas obras de mellora non figuraban no presuposto inicial..

Tamén digo que non é habitual traer estos suplementos de crédito ao Pleno, e o ano pasado, só xa se trouxo un, polo que vemos que a economía ven sendo saneada.

Visto o Informe emitido pola Interventora

Visto o Dictame FAVORABLE evacuado pola Comisión Informativa de Economía de este Ayuntamiento de data 30.06.2016.

o Pleno do Excmo. Concello de Viveiro, co voto a favor; DOCE votos, que resultan ser: oito (8) r do equipo de Goberno; tres (3) dos concelleiros non adscritos, e un (1) do concelleiro de Son Viveiro (1),

e cinco (5) abstencións, dos concelleiros do P.P. por maioría dos membros presentes que reviste maioría absoluta da súa composición legal, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito polo importe total de **49.148,80 €**, como indemnización substitutiva a favor dos terceiros interesados dos gastos ocasionados pola realización da prestación nos anos anteriores, segundo o detalle e aplicacións orzamentarias que figuran no Anexo I

ANEXO 1

Nº Entrada	Fecha	Nº Doc.	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicati
F/2016/388	26/01/2016	51073	21/11/2015	1.050,00	B27116342	S.G.MADERERA DE VILARES, S.L.	RECOÑEC. EX EVENTO PINCH 21/11/2015
F/2016/444	02/02/2016	FE16 14.00	31/01/2016	20.420,52	B27227388	CARFERLO, S.L.	RECOÑEC. EX MELLORA DE A E POSTERIOR
F/2016/447	03/02/2016	FE16 22.00	31/01/2016	4.768,19	B27227388	CARFERLO, S.L.	RECOÑEC. EX SUSTITUCIÓN PROV. 66.01 P SIERRA
F/2016/680	19/02/2016	Emit- 23	18/02/2016	1.433,85	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX ELECTROXEN DE CELEIRO N FEST
F/2016/681	19/02/2016	Emit- 24	18/02/2016	1.456,28	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX LUMINOSOS N BOLETINES ES 2015
F/2016/682	19/02/2016	Emit- 25	18/02/2016	1.433,85	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX DE GRUPO EL XUNQUEIRA, 20
F/2016/683	19/02/2016	Emit- 26	18/02/2016	3.233,58	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX INSTALACION CUADROS E C REMEDIOS, 20



F/2016/711	22/02/2016	Emit- 27	22/02/2016	1.839,20	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX INSTALACION CUADROS DE XUNQUEIRA, 2
F/2016/712	22/02/2016	Emit- 28	22/02/2016	544,50	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX INSTALACION FESTAS DE VI
F/2016/713	22/02/2016	Emit- 29	22/02/2016	2.144,58	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX PARA ESCENA PROXECTORE CELEIRO, 2015
F/2016/714	22/02/2016	Emit- 30	22/02/2016	1.974,72	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX DE GRUPO ELI PARA AS FEST
F/2016/718	23/02/2016	Emit- 31	23/02/2016	508,20	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑ. EXTRA DE CARPA E IN FESTA LABREO
F/2016/1017	15/03/2016	Emit- 33	14/03/2016	582,24	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑECEME TRABALLOS RI CARREIRA EN
F/2016/1018	15/03/2016	Emit- 34	14/03/2016	399,30	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑECEME REPARACION PROXECTORE 18/09-13/11 E 2
F/2016/1162	16/03/2016	Emit- 35	15/03/2016	535,43	B27204510	BELFOGA, S.L.	RECOÑEC. EX DIVERSOS TRA PUBLICO DO C
F/2013/1213	15/05/2013	70000235236	19/04/2013	371,39	B39702436	VIESGO COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA, S.L.	RECOÑEC.EXT (AXUSTA 2012/ ELECTRICA AF (02/10/09-19/07
F/2013/1214	15/05/2013	70000235238	19/04/2013	27,32	B39702436	VIESGO COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA, S.L.	RECOÑEC.EXT (AXUSTA 2012/ ELECTRICA AF (19/08-27/09/10
F/2015/4358	29/12/2015	15/090011	15/09/2015	4.950,00	B27009539	AUTOBUSES DE VIVERO-OTERO, S.L.	RECOÑEC.EXT DESPRAZAME DE VIVEIRO VI
F/2011/38	12/01/2011	18345069	31/12/2010	234,45	Q2817008B	F.E.V.E.	RECOÑEC.EXT DECEMBRO 20 VALE VIVEIRO BURELA, 6 VIV
F/2011/538	23/03/2011	90245 CR	31/03/2009	1.241,20	A15073356	RADIO TELEVISION GALICIA S.A.	RECOÑEC.EXT PUBLICIDADE GOLES ""REXIO 31/03/09
TOTAL				49.148,80			

SEGUNDO.-Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento 2016, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

AUMENTO DE CRÉDITOS:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
------------	-------------	---------



1532-210	Infraestructuras e bens naturais. Vías Públicas.	4.768,19 €
1532-619	Outras inver. reposición en infras y bb. Vías Públicas	20.420,52 €
1650-210	Infras y bb naturais. Alumeado Público	535,43 €
1650-22100	Enerxía eléctrica. Alumeado Público	398,71 €
2310-22699	Outros gastos diversos. S. Sociais.	234,45 €
3340-22609	Activ. culturais e deportivas. Promoción cultural	13.694,72 €
3380-22609	Actividades culturais e deportivas. Festas populares	1.456,28 €
3400-223	Transportes. Deportes	4.950,00 €
3400-22602	Publicidade e propaganda. Deportes	1.241,20 €
3420-212	Edificios e outras construcións. Inst. Deportivas	399,30 €
9120-22601	Atenciones protocolarias e repres. Órganos de Goberno.	1.050,00 €
TOTAL		49.148,80 €

Financiamento:

870.00 Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais **49.148,80 €**

TERCEIRO.- Exponer o presente expediente ao público mediante anuncio inserto no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, quedando a disposición do público na Intervención municipal polo prazo de QUINCE días hábiles, durante os cales os interesados oderán examinalo e presentar as reclamacións ante o Pleno. O presente expediente considerarase definitivamente aprobado si perante o citado prazo non se formulan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá de un mes para resolvelas.

4º.-ADHESION AO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO AMBITO DOPLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLOR A DE ACCESO A VIVIENDAS 2015-2016

Dase conta da proposta da Alcaldía que di:"

Asunto: Adhesión ó Convenio de Vivendas Baleiras



Visto o escrito remitido pola FEGAMP a este Concello con data 05 de maio de 2016 e número de rexistro de entrada 2016-e-RC 3172, referente ó Convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan Galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020".

Dito plan busca poñer a disposición de persoas e familias en risco de exclusión social, inmobles que permanecen desocupados.

Dado o interes que para o Concello de Viveiro e os seus moradores ten esta iniciativa, propones ao Pleno Municipal a adopción dos seguinte acordo:

1º.-Adherirse ó "Convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa de vivendas baleira son ámbito do Plan Galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

2º-Facultar á Sra.Alcaldes para a firma de cantos documentos sexan necesarios para adherirse ó citado Convenio.

Visto o DITAME favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, obras, medio ambiente e medio rural de data da sesión de 1º de Xullo de 2016.

Non se producen intervencións e o Pleno Corporativo por unanimidade,

ACORDA:

1º.-Adherirse ó "Convenio de colaboración para o desenvolvemento do programa de vivendas baleira son ámbito do Plan Galego de rehabilitación, aluguer e mellora de acceso á vivenda 2015-2020.

2º-Facultar á Sra.Alcaldes para a firma de cantos documentos sexan necesarios para adherirse ó citado Convenio .

3º.-Dar conta á Oficina de rehabilitación do Casco de Viveiro encargada da tramitación e xestión.

5º.-ANULACION DO CAMIÑO PUBLICO DOS MELEIROS

Dase conta da proposta de vecinos que solicitan declarar a inexistencia do camiño denominado Carreiro Iglesia-Arada, xa que este acceso figura no inventario de bens do concello de Viveiro co nº 27, folio nº 1, número de grupo 7-4.do libro 174- como camiño público, e veñen en solicitar que non figure como camiño público, que se corrixa as deficiencias observadas nos documentos do concello de Viveiro e no Inventario de Bens.

Polo que esta Alcaldía, a petición dos vecinos, ven en propoñer ao Pleno o seguinte:

*Primeiro.- **Iniciar o expediente** para declarar, si procede, a inexistencia do camiño denominado Carreiro-Iglesia -Arada,(coñecido por Meleiros) como camiño de titularidade municipal, co trazado con que constaba no inventario de bens municipais.*



*Segundo.- Exponer o devandito expediente ao público **no BOP** a efectos de examen e reclamacións.*

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados no expediente.

Visto o informe da Secretaria Municipal.

*Visto o **DICTAME favorable** da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, obras, medio ambiente, e medio rural, do día 1º de xullo de 2016..*

*Non se producen intervencións e sometida a votación a proposta da Alcaldía, por unanimidade, **ACORDA:***

Primeiro.- Iniciar o expediente para declarar, si procede, a inexistencia do camiño denominado Carreiro-Iglesia -Arada, como camiño de titularidade municipal, co trazado con que constaba no inventario de bens municipais.

*Segundo.- Exponer o devandito expediente ao público **no BOP** a efectos de examen e reclamacións.*

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados no expediente.

CUARTO.-Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo ós efectos de continuar coa tramitación preceptiva..

6º.- APROBACION DO CALENDARIO LABORAL ANO 2017.
DETERMINACIÓN DE DOUS DÍAS FESTIVOS PARA O ANO 2017.

*Vista a proposta da Alcaldía en referencia á determinación dos seguintes **dous días festivos no Concello de Viveiro para o 2017:** martes de carnaval:28 de febreiro de 2017 e festividade de San Roque; 16 de agosto de 2017.*

Visto o Dictame favorable á devandita proposta da Comisión informativa de Desenvolvemento Local celebrada coa data 1 de xullo de 2016.

*Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade, **ACORDASE:***

Primeiro.- Establecer como festividades locais no Concello de Viveiro para o ano 2017 os seguintes días:



Martes de carnaval: 28 de febreiro de 2017.

Festividade de San Roque: 16 de agosto de 2017.

Segundo.- *Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial de Emprego, Economía e Industria co obxecto de elaborar o calendario laboral para o ano 2017 para a provincia de Lugo.*

7º.- APROBACION DA ORDENANZA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

Vista a ordenanza Municipal sobre Protección da Datos de Carácter Persoanal, e os ficheiros a rexistrar e suprimir para o Concello de Viveiro.

Propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Acordar a aprobación inicial da

Dase conta da proposta da Alcaldía ó Pleno da Corporación

ORDENANZA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

A existencia de ficheiros de carácter personal e os avances tecnolóxicos supoñen posibilidades de intromisión no ámbito da privacidade e intimidade así como de limitación e vulneración do dereito de autodisposición das informacións que son relevantes para cada persoa. Por elo o ordenamento xurídico recoñece dereitos nese campo e establece mecanismos para a súa garantía. A Constitución española, no seu artigo 18, recoñece como dereito fundamental o dereito ó honor, á intimidade personal e familiar e á propia imaxe e establece que a " lei limitará o uso da informática para garantir o honor ea intimidade personal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos".

A Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter personal, establece un conxunto de medidas para garantir y protexer este dereito fundamental.

É responsabilidade das Administracións Locais o concernente á creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter personal, ditas corporacións locais crearán, modificarán e suprimirán seus ficheiros mediante a correspondente ordenanza municipal, o calquera outra disposición de carácter xeral , nos términos previstos en la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases del Réximen Local.

O artigo 20 de la Lei 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de datos de carácter personal, establece que a creación, modificación ou supresión de ficheiros das Administracións Públicas so podrán facerse por medio de disposición de carácter xeral publicada no " Boletín Oficial del Estado" ou diario oficial correspondente.



De conformidade co artigo 54 do Real Decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de datos de carácter personal., a disposición reguladora deberá recoller a Identificación do fichero e a súa finalidade, o orixe dos datos e colectivos sobre os que se pretenda obter datos ou que resulten obrigados a suministrarlos, Estrutura básica do fichero e o sistema de tratamento, en su caso as Comunicacións de datos e/ou transferencias internacionais previstas, o órgano da administración responsable do fichero, os servizos ou unidades ante os que poden exercitarse os dereitos, e o nivel de seguridade esixible segundo o Título VIII do citado decreto.

Considerando toda a regulación sobre a materia que se recolle nos apartados anteriores, o Concello de Viveiro considera necesaria a creación, e supresión de ficheiros de datos de carácter personal que se inclúen nos Anexos desta Ordenanza.

Concepto e finalidade

Art. 1.- O obxecto da presente ordenanza é regular os ficheiros de datos de carácter personal existentes no concello, así como a súa creación, modificación e supresión de acordo co previsto na Lei 15/1999, de 13 de decembro.

Ámbito de aplicación

Art.2.- A aplicación desta Ordenanza efectuarase sobre todos os ficheiros de datos de carácter personal de titularidade municipal, tanto sobre os creados e xestionados pola administración Local como polos organismos dela dependentes.

Definición dos conceptos a efectos do recollido nesta Ordenanza

Art. 3.- A os efectos da presente ordenanza e de conformidade co previsto no art. 3 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, entenderase por:

- a) Datos de carácter personal: calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.
- b) Fichero: Todo conxunto organizado de datos de carácter personal calquera que fose a forma ou modalidade da súa creación, almacenamento, organización e acceso.
- c) Tratamento de datos: Operacións e procedementos técnicos de carácter automatizado ou non, que permitan a recollida, grabación, conservación, elaboración, modificación, bloqueo e cancelación, así como as cesións de datos que resulten de comunicacións, consultas, interconexións e transferencias.
- d) Responsable de fichero: Persoa física ou xurídica de natureza pública ou privada ou órgano administrativo, que decida sobre a súa finalidade, contido e uso de tratamento.
- e) Afectado ou interesado: Persoa física titular dos datos que sexan obxecto do tratamento ao que se refire o apartado c) do presente artigo.
- f) Procedemento de disociación: Todo tratamento de datos personais de modo que a información que se obtenga non poida asociarse a persoa identificada ou identificable.



- g) Encargado do tratamento: persona física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou calquera outro organismo que so ou conxuntamente con outros, trate datos personales por conta do responsable do tratamento.
- h) Consentimento do interesado: Toda manifestación de vontade, libre, inequívoca, específica e informada, mediante a que o interesado consinta o tratamento de datos pessoais que lle concernen.
- i) Cesión ou comunicación de datos: Toda relación de datos realizado a unha persoa distinta do interesado.
- j) Fontes accesíbeis ao público: Aqueles ficheiros cuxa consulta poida ser realizada, por calquera persoa, non impedido por unha norma limitadora ou sin máis esixencia que no seu caso, o abono dunha contraprestación, teñen consideración de fontes de acceso público, exclusivamente, o censo promocional, os repertorios telefónicos nos termos previstos pola súa normativa específica e as listas de persoas pertencentes a grupos de profesionais que conteñan os datos do nome, título, profesión, actividade, grao académico, dirección e indicación da súa pertenza ao grupo. Asimesmo teñen o carácter de fontes de acceso público os diarios e boletíns oficiais e os medios de comunicación.

Contido dos ficheiros

Art. 4. Para cada ficheiro que se cree, deberánse indicar os seguintes datos:

- 1.- O nome e a descrición do ficheiro que se crea.
- 2.- O órgano responsable do ficheiro.
- 3.- O órgano, servizo ou unidade ante os que se deberán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.
- 4.- O carácter informatizado ou manual estruturado do ficheiro.
- 5.- O sistema de información ao que pertenza o ficheiro (se se trata dun ficheiro informatizado).
- 6.- Os tipos de datos de carácter personal que se incluírán no mesmo.
- 7.- A descrición detallada da finalidade do ficheiro e dos usos previstos do mesmo.
- 8.- As persoas ou colectivos sobre os que se pretenda obter datos ou que resulten obrigados a suministrarlos.
- 9.- A procedencia ou o procedemento de recollida dos datos.
- 10.- Os órganos ou entidades destinatarios das cesións previstas, indicando de forma expresa os que constitúan transferencias internacionais.
- 11.- Nivel e medidas de seguridade esixible (se se trata dun ficheiro informatizado).

Art. 5.- Para cada un dos ficheiros que se modifiquen, deberánse incluír os seguintes datos:

- a) O nome do ficheiro que se modifica, e o número de rexistro co que figura inscrito no Rexistro de Ficheiros de Datos Personais.
- b) O apartado da inscrición que se modifica.
- c) O contido íntegro de cada un dos apartados que se modifica.

Art. 6 .- Para cada un dos ficheiros que se supriman deberáse incluír os seguintes datos:



- a) O nome do ficheiro que se suprima e o número de rexistro co que figura inscrito no Rexistro de Ficheiros de Datos Personais.
- b) O motivo polo que se suprime o ficheiro e o destino dos datos e contidos do mesmo.
- c) Se se vai a destruír o ficheiro, as previsións que se adopten para a súa destrución.

Procedemento

Art. 7.- A iniciativa para a creación, modificación ou supresión dun ficheiro de datos de carácter personal, corresponderá ao órgano titular ou departamento municipal da función específica na que se concreta a competencia sobre a materia a cuxo exercicio sirva instrumentalmente o ficheiro. Unha vez adoptada a iniciativa, se elevará ao órgano competente para que, previos os trámites oportunos e incorporados no seu caso os preceptivos informes, adopte a resolución correspondente.

Art. 8.- De acordo coas leis antes nomeadas, a creación, modificación ou supresión de ficheiros de datos de carácter personal, efectuarase a través da aprobación da correspondente ordenanza municipal e previo o procedemento recollido no artigo 49 da Lei Reguladora das Bases de Réximen Local, aprobación inicial polo Pleno da Corporación, información pública e Audiencia dos interesados polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias, resolución de todas as reclamacións e suxerencias dentro do prazo e aprobación definitiva polo pleno. No caso de que non se houbera presentado nengunha reclamación ou suxerencia, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Art.9 .- Os ficheiros declarados incluídos nos Anexo, deben cumprir coas medidas de seguridade de tipo técnico e organizativo de conformidade co disposto no RD 1720/2007 no que se establece que todos os ficheiros que conteñan datos de carácter personal deben cumprir unha serie de medidas que permitan garantir a seguridade dos mesmos.

Disposición Final

La presente ordenanza se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e entrará en vigor transcurrido un mes desde a súa publicación.

ANEXO 1

FICHEIROS A REXISTRAR

A) PORTELO ÚNICO

Nome do ficheiro: Portelo Único.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Interesados: Ciudadáns e Residentes, solicitantes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal, Administracións Públicas.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI.

Destinatarios de cesións: Outros órganos da Administración do Estado, de Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Outros Órganos da Administración Local.

Pódese exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.



Nivel de seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de Tratamento: Mixto.

B) PADRÓN DE HABITANTES

Nome do ficheiro: Padrón de habitantes.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Padrón de habitantes.

Interesados: Ciudadáns e residentes.

Orixen dos datos: Propio interesado ou o seu Representante Legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, firma, data de nacemento, lugar de nacemento, académicos e profesionais.

Destinatarios das cesións: Instituto Nacional de Estadística, Órganos da administración do Estado, de Comunidade Autónoma que necesiten datos do padrón de habitantes para realizar notificacións de ausentes, órganos xudiciais.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de tratamento: Mixto.

C) PERSONAL

Nome do ficheiro: Personal.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do Ficheiro: Recursos Humanos, Xestión de nóminas.

Interesados: Empregados

Orixen dos datos: Mesmo Interesado ou o seu representante legal, Administracións públicas.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, N.º da Seguridade Social, Firma, Salud, características pessoais, académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.

Destinatarios das cesións: Organismos da Seguridade Social, Facenda Pública e Administración Tributaria, órganos da Comunidade Autónoma, en concreto: Xunta de Galicia: Presidencia, traballo e Benestar, Órganos da Administración do Estado: INEM.

Pódese exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: O Concello de Viveiro.

Nives de seguridade do Ficheiro: Alto

Sistema de Tratamento: Mixto.

D) CURRÍCULUMS



Nome do ficheiro: Currículums

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Recursos Humanos.

Interesados: Solicitantes

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, firma, características persoais, circunstancias sociais, académicos e profesionais, detalles do emprego, imaxen.

Destinatarios de cesións: ningún.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Medio

Sistema de tratamento: Mixto.

E) DESENVOLVEMENTO LOCAL

Nome do ficheiro: Desenvolvemento Local

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Asesoramiento sobre a búsqueda de emprego, creación de novas empresas.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, Dirección, Teléfono, Firma, Características persoais, académicos e profesionais, detalles de emprego.

Destinatarios das cesións: Entidades privadas que soliciten currículums para cubrir os postos vacantes.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Medio

Sistema de seguridade: Mixto.

F) PARTICIPANTES EN ACCIÓNS DE PROMOCIÓN DE EMPREGO

Nome do ficheiro: Participantes en accións de Promoción de Emprego.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Recursos Humanos

Interesados: Solicitantes, Cidadáns e Residentes.

Orixen dos datos: Propio interesado ou Representante Legal.



Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, Dirección, teléfono, información comercial, características personais, académicos e profesionais, detalles de emprego, imaxen.

Destinatarios das cesións: Outros órganos da Comunidade Autónoma: Consellería de Traballo e Benestar, Outros: C.E.E.I. Galicia S.A (BIC Galicia).

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Medio

Sistema de tratamento: Mixto.

G) XESTIÓN ECONÓMICA

Nome do ficheiro: Xestión Económica.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Xestión Contable, fiscal e administrativa.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura, e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, Enderezo, teléfono, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.

Destinatarios de cesións: Facenda pública e Administración Tributaria, Tribunal de Contas, Consellería de Contas. Órganos de Comunidade Autónoma: Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Bancos, Caixas de Aforro e Caixas Rurales.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Medio

Sistema de Tratamento: Mixto.

H) RECADACIÓN

Nome do ficheiro: Recadación.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Cobro de tributos municipais.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou representante.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, firma e económicos.

Destinatarios de Cesións: Facenda Pública e Administración Tributaria.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación , cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Medio



Sistema de Tratamento: Mixto.

I) CONTRATACIÓN E OBRAS

Nome do ficheiro: Contratación

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Xestión de contratación de obras e /ou Servizos para o Concello.

Interesados: Cidadáns e residentes, provedores.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, firma, características persoais, circunstancias sociais,

académicos e profesionais, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.

Destinatarios das cesións: Tribunal de Contas, Órganos da Administración do Estado: Ministerio de Facenda, Outros órganos de Comunidade Autónoma: Consellería de Contas, Entidades Aseguradoras.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade: Básico

Sistema de Tratamento: Mixto.

J) LICENZAS E AUTORIZACIÓNS.

Nome do ficheiro: Licenzas e Autorizacións.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Xestión de Licenzas de apertura, de obras, ferias ou actividades culturais, procedemento administrativo.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou representante legal.

Tipos de datos, estruturas e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, dirección, teléfono, n.º Seguridade Social, firma, circunstancias sociais, académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, transaccións de bens e servizos.

Destinatarios das cesións: Instituto Nacional de Estadística, Órganos da Administración do Estado: Ministerio de Fomento, Delegación de Goberno, Órganos da Comunidade Autónoma: Xunta, Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras, Deputación Provincial, Garda Civil, SGAE.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de Tratamento: Mixto.



K) URBANISMO

Nome do ficheiro: Urbanismo.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Xestión de actos de planeamento, xestión e disciplina urbanística.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo Interesado e seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, dirección, teléfono, firma, circunstancias sociais, económicos, financeiros e de seguros.

Destinatarios das cesións: Órganos da Administración do Estado: Ministerio de Fomento, Órganos da Comunidade Autónoma: Xunta, Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas, Deputación Provincial.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Básico.

Sistema de Tratamento: Mixto.

L) REXISTRO DE INTERESES MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Nome do ficheiro: Rexistro de intereses membros da corporación.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Xestión e control de choque de intereses dos membros da corporación.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, firma, características personais, circunstancias sociais, académicos e profesionais, económicos.

Destinatarios de cesións: Ningún.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de Tratamento: Mixto.

LL) RESPONSABILIDADE ADMINISTRATIVA.

Nome do ficheiro: Responsabilidade Administrativa.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Resarcir aos particulares das lesións producidas nos seus bens e dereitos polo funcionamento do Concello.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou representante legal.



Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, dirección , teléfono, firma.

Destinatarios de cesións: Outros órganos da Comunidade Autónoma: Xunta: Consello Consultivo, Entidades Aseguradoras.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de tratamento: Mixto.

M) ELECCIÓNS

Nome do ficheiro: Eleccións.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Selección dos membros das mesas electorais e xestión administrativa das eleccións.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: administracións Públicas.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, características persoais, académicos e profesionais.

Destinatarios de cesións: Instituto Nacional de Estadística, Órganos Xudiciais, Outros órganos da Administracións do Estado: Ministerio do Interior, outros Órganos da Comunidade Autónoma: Xunta: Presidencia.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de Tratamento: Mixto.

N) BENS

Nome do ficheiro: BENS.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Xestión e inventariado de bens do Concello e delimitación da línea límite xurisdiccional.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado o seu representante legal, administracións Públicas.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, firma, circunstancias sociais.

Destinatarios de cesións: Órganos da Administración do Estado: Ministerio de Fomento, Órganos da Comunidade Autónoma: Xunta: Presidencia.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de Tratamento: Mixto.



Ñ) CULTURA E DEPORTES

Nome do ficheiro: Cultura e Deportes.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Educación e cultura, organización de eventos e actividades deportivas, de ocio e culturais.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, firma, características persoais, circunstancias sociais, académicos e profesionais, económicos, financeiros e de seguros.

Destinatarios de cesións: Entidades privadas que colaboran na organización de actividades culturais e/ou deportivas, Deputación Provincial, Órganos da Comunidade Autónoma: Consellerías da Xunta para solicitar subvencións.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade: Básico.

Sistema de tratamento: Mixto.

O) BIBLIOTECA

Nome do ficheiro: Biblioteca.

Responsabilidade do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Educación e Cultura.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, características persoais.

Destinatarios de cesións: Ningún.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de tratamento: Mixto.

P) SERVIZOS SOCIAIS.

Nome do ficheiro: Servizos Sociais.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Servizos Sociais.



Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Propio interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura, organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, n.º Seguridade Social, firma, tarxeta sanitaria, características persoais, circunstancias sociais, académicos e profesionais, detalles do emprego, económicos, financeiros e de seguros, saúde, vida sexual, datos relativos a infraccións penais e administrativas.

Destinatarios das cesións: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: alto

Sistema de Tratamento: Mixto.

Q) MEDIO AMBIENTE

Nome do ficheiro: Medio Ambiente.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Xestión de denuncias en materia de medio ambiente.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Fontes accesibles ao público, Administracións Públicas.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, circunstancias sociais.

Destinatarios das cesións: Órganos Xudiciais, Órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma con competencia en medio ambiente para dar traslado das denuncias nesta materia a nivel estatal e autonómico.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Medio

Sistema de Tratamento: Mixto.

R) REXISTRO CANINO E ANIMALES PERIGOSOS.

Nome do ficheiro: Rexistro canino e animais perigosos.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Procedemento administrativo, Seguridade Pública e defensa.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal., Administración Pública.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, teléfono, firma, transaccións de bens e servizos, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.

Destinatarios de cesións: Outros órganos da Comunidade Autónoma: Xunta: Presidencia.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Medio

Sistema de Tratamento: Mixto.



S) POLICÍA ADMINISTRATIVA.

Nome do ficheiro: Policía Administrativa.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Seguridade Pública e Defensa.

Interesados: Cidadáns e residentes.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal, outras persoas físicas, administracións públicas.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, firma, circunstancias sociais, económicos, financeiro e de seguros, salud, datos relativos a infraccións penais ou administrativas.

Destinatarios de cesións: Órganos xudiciais, Órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma con competencia en seguridade cidadán para dar traslado das denuncias.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Alto

Sistema de tratamento: Mixto.

T) ESCOLA INFANTIL

Nome do ficheiro: Escola Infantil.

Responsabilidade do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Xestión administrativa da Escola Infantil, xestión de prazas.

Interesados: Tutores e menores.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo, teléfono, firma, datos académicos e profesionais, económicos, financeiros e de seguros, datos da unidade familiar, datos de salud, imaxen.

Destinatarios de cesións: Entidade privada encargada da xestión do espacio infantil de xogo.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Alto

Sistema de tratamento: Mixto.

U) PARELLAS DE FEITO E MATRIMONIOS CIVÍS.

Nome do ficheiro: Parellas de feito e matrimonios civís.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Tramitación e rexistro das parellas de feito e matrimonios civís.

Interesados: Cidadáns e residentes.



Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, enderezo, data de nacemento, firma.

Destinatarios de cesións: Órganos Xudiciais.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de tratamento: Mixto.

V) VIDEOVIXILANCIA

Nome do ficheiro: Videovixilancia.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Seguridade.

Interesados: Ciudadáns e residentes, empregados.

Orixen dos datos: Mesmo interesado ou o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Imaxen

Destinatarios de cesións: Órganos Xudiciais, Forzas e Corpos de seguridade.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de Seguridade do ficheiro: Básico.

Sistema de Tratamento: Mixto.

W) OMIC, OFICINA MUNICIPAL DE INFORMACIÓN AL CONSUMIDOR

Nome do ficheiro: OMIC, Oficina Municipal de Información al Consumidor.

Responsable do ficheiro: Concello de Viveiro.

Finalidade do ficheiro: Prestar os servizos de información, orientación e asesoramento en materia de consumo.

Interesados: Ciudadáns e residentes, solicitantes.

Orixen dos datos: O mesmo interesado e o seu representante legal.

Tipos de datos, estrutura e organización do ficheiro: Nome e apelidos, DNI, dirección, teléfono, sinatura, detalle da reclamación.

Destinatarios das cesións: Xunta de Galicia: Dirección provincial de Consumo de Lugo.

Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición ANTE: Concello de Viveiro.

Nivel de seguridade do ficheiro: Básico

Sistema de Tratamento: Mixto.



FICHEIROS A SUPRIMIR

A) PADRÓN DE HABITANTES.

Nome do ficheiro: Padrón de habitantes.

Motivos de supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Padrón de Habitantes.

B) FACTURAS

Nome do Ficheiro: Facturas

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Xestión Económica.

C) SICAL

Nome do ficheiro: Sical.

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización do fichero.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación : Xestión Económica.

D) OBRAS

Nome do ficheiro: Sical.

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización do ficheiro.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación : Licenzas e autorizacións.

E) IAE

Nome do ficheiro: IAE

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Recadación.

F) LIQUIDACIÓNS IBI

Nome do ficheiro: Liquidacións IBI

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación : Recadación.

G) RECIBOS



Nome do ficheiro: Recibos.

Motivos da supresión do ficheiro: Actualizacións de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación : Recadación.

h) RÚSTICA

Nome do ficheiro: Rústica.

Motivo da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Recadación.

I) URBANA

Nome do ficheiro: Urbana

Motivo da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Recadación.

J) REXISTRO

Nome do ficheiro: Rexistro

Motivo da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Portelo Único.

k) MERCADOS

Nome do ficheiro: Mercados.

Responsable do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Licenzas e autorizacións.

L) NÓMINAS

Nome do ficheiro: Nóminas.

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización do ficheiro.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Personal.

LL) TERRAZAS

Nome do ficheiro: Terrazas

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.



Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación : Licenzas e autorizacións.

M) VADOS

Nome do ficheiro: vados

Motivos da supresión do ficheiro: actualizacións de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Licenzas e autorizacións.

N) VEHÍCULOS

Nome do ficheiro: Vehículos

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación : Recadación.

Ñ) CASETILLAS

Nome do ficheiro: Casetillas

Motivos da supresión do ficheiro: Actualización de ficheiros.

Destino da información e previsións adoptadas para a súa destrución: Se rexistra novo ficheiro coa denominación: Licenzas e autorizacións.

Visto o Informe do Servizo Xurídico do Concello

Visto o Dictame favorable da Comisión Informativa de Desenvolvemento Local de data 1-xullo de 2016.

Non se producen intervencións, e sometida a votación a aprobación da Ordenanza, o Pleno da Corporación, por **UNANIMIDADE**, con dezasete votos a favor de todos os membros legais que forman a Corporación, **ACORDA:**

PRIMEIRO

A Aprobación inicial da Ordenanza Municipal sobre Protección de Datos de Carácter Personal e os ficheiros a rexistrar e suprimir para o Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Que se publique un anuncio de información Pública no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxerencias.

TERCEIRO.- As reclamacións e suxerencias presentadas deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación, aprobándose definitivamente a ordenanza .No suposto de non haber reclamacións ou suxerencias elevarase a definitivo o acordo inicial de aprobación.

CUARTO.- Una vez , publicado o texto íntegro da presente Ordenanza reguladora, entrará en vigor o día seguinte da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación.

8º.- ORDENANZA DE ADMINISTRACION ELECTRÓNICA



Dase conta de proposta da Alcaldía que di: " Tendo en conta que a Administración Pública debe acompañar e promover o cambio en beneficio da cidadanía conveténdose nunha administración electrónica dirixida polo principio de eficacia.

Vista a ordenanza Reguladora de Administración Electrónica Concello de Viveiro 2016 que di:

"

ÍNDICE

Exposición de motivos	3
CAPÍTULO I. Disposiciones xerais.....	5
CAPITULO II. Dereitos edeberes da cidadanía.....	7
CAPÍTULO III. A sede electrónica.....	9
CAPÍTULO IV. Medios de identificación e autenticación.....	11
Sección I. Identificación electrónica da administración municipal.....	11
Sección II. Identificación electrónica e acceso información.....	13
CAPÍTULO V. Xestión electrónica do Procedemento Administrativo.....	15
Sección I. Regras sobre procedemento.....	15
Sección II. A notificación electrónica.....	17
CAPÍTULO VI. Rexistro, arquivo e acceso aos documentos electrónicos.....	19
CAPÍTULO VII. Trámites e procedementos accesibles por vía electrónica.....	22
CAPITULO VIII. Factura electrónica e licitación electrónica.....	22
Sección I. Factura electrónica.....	22
Sección II. Licitación electrónica.....	23
Disposiciones transitorias	24
Disposiciones finais	24
Anexo I. Catálogo de procedementos e trámites electrónicos do Concello de Viveiro.....	25



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os avances producidos nas últimas décadas no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións están a marcar unha época na historia da humanidade caracterizada por un profundo cambio na maneira e o contido das comunicacións entre as persoas e das sociedades nas que se integran. A informática e as comunicacións electrónicas son o eixo da revolución que estamos a vivir e a Administración Pública debe acompañar e promover o cambio en beneficio da cidadanía converténdose nunha administración electrónica dirixida polo principio de eficacia proclamado no artigo 103 da nosa Constitución..

A descentralización política de España constituíu unha ocasión para que a maior proximidade democrática dos novos poderes autonómicos se materializase tamén nunha maior proximidade da Administración respecto á cidadanía, pero por moito que achegamos a Administración á cidadanía a tramitación presencial sempre levará asociado un custe de desprazamento e tempo.

As tecnoloxías da información e as comunicacións fan posible achegar as administracións ata os propios despachos de empresas e profesionais ou ata o mesmo fogar da cidadanía. Permiten unha relación sen colas, sen esperas e sen horarios preestablecidos a calquera hora de calquera día do ano. Deste xeito, foméntase a percepción da Administración como unha entidade ao servizo da cidadanía en contraposición á idea de burocracia pesada asociada á tramitación presencial, facilitando en igualdade de condicións a plena integración das persoas na vida pública, social, laboral e cultural.

Pero a modernización das administracións públicas non debe limitarse unicamente á eliminación da barreira espazo temporal que a separa da cidadanía. Faise necesario realizar tamén unha profunda análise e redefinición dos procedementos, substituíndo comunicacións en papel por comunicacións electrónicas e automatizando aquelas tarefas manuais susceptibles de ser realizadas mediante procesos informáticos.

As relacións entre as administracións públicas e destas coa cidadanía, empresas e organismos, adquiren pois unha nova dimensión dixital coa administración electrónica, definida pola Comisión Europea como “o uso das tecnoloxías da información e as comunicación nas administracións públicas, combinado con cambios organizativos e novas aptitudes, co fin de mellorar os servizos públicos e os procesos democráticos e



reforzar o apoio das políticas públicas”.

En todo caso, xa a Constitución española de 1978 deu lugar a un novo concepto de Administración, sometida á Lei e ó Dereito, vinculando, no seu artigo 103.1, a lexitimidade no exercicio das potestades administrativas ós principios de servizo ó interese xeral.

Estes principios xerais de actuación recóllense, ademais, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no seu artigo 3 e, no ámbito local, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no seu artigo 6, ó establecer os principios de eficiencia, servizo ós cidadáns, eficacia, coordinación, transparencia e participación da actuación administrativa nas súas relacións coa cidadanía.

Precisamente é a Lei 30/1992, no seu artigo 45.1, a que supón un impulso substancial da administración electrónica ó determinar que as administracións públicas empreguen e apliquen as técnicas e medios electrónicos para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias.

Por outra parte, o artigo 70 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, convértese nun mandato máis para avanzar ata unha Administración máis áxil e eficaz, situando a cidadanía como eixe central do proceso de modernización administrativa. Esta Lei recoñece o dereito da cidadanía a relacionarse coas administracións públicas por medios e canles electrónicas, así como a obriga das propias administracións a redeseñar os seus procedementos e dotarse dos medios técnicos necesarios para o seu exercicio.

En todo caso, o gran salto no desenvolvemento da administración electrónica ten a súa orixe na Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns ós servizos públicos.

Coa promulgación da Lei, cambia radicalmente o panorama da e-Administración. A partir deste momento establécese o dereito da cidadanía a comunicarse coas AA.PP. por medios e canles electrónicas e, polo tanto, converténdose unha obriga para estas.

Este dereito, contido no artigo 1 da Lei, desenvólvese con máis detalle nos seguintes títulos da norma, recoñecendo, de forma explícita, novos dereitos á cidadanía, e establecendo obrigas concretas ás administracións públicas: estas deberán de prestar os servizos necesarios para facer efectivos os dereitos recoñecidos á cidadanía en relación coa utilización dos medios electrónicos nas súas relacións coas administracións públicas, asegurando o acceso, integridade, autenticidade, confidencialidade e conservación dos datos, informacións e servizos para prestar

A aprobación municipal de administración electrónica supón o recoñecemento por parte destes dereitos básicos que implica unha nova orientación dos servizos públicos.



Esta Ordenanza estrutúrase en oito capítulos, catro disposicións transitorias, catro disposicións finais e un anexo.

No capítulo primeiro define o obxecto, o ámbito de aplicación e os principios de funcionamento da administración electrónica no Concello de Viveiro, de acordo co establecido na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos.

No segundo capítulo están recollidos os dereitos e deberes da cidadanía nas súas relacións coa Administración Municipal a través de medios electrónicos.

O terceiro capítulo, adicado á sede electrónica do Concello de Viveiro, regula o seu contido, así como as formas de identificación e autenticación necesarias para que a cidadanía se relacione electronicamente coa Administración Municipal e os seus organismos.

O cuarto capítulo indica os medios de identificación e autenticación electrónica no Concello de Viveiro, os sistemas de firma electrónica para a actuación administrativa e os requisitos para o intercambio electrónico de datos en contornas pechadas de comunicación.

O capítulo número cinco, refírese á xestión do procedemento administrativo por medios electrónico. Na súa primeira sección, desenvólvense as regras sobre o procedemento. Na segunda sección, regúlense as notificacións e comunicacións electrónicas, de carácter voluntario para a cidadanía, regulando a práctica da notificación, o enderezo electrónico sinalado para os seus efectos e as comunicacións electrónicas entre a cidadanía e o Concello de Viveiro.

O capítulo seis crea e regula o funcionamento do rexistro electrónico, que se integrará no Rexistro Xeral como un rexistro auxiliar deste concello. Establécese o réxime xurídico dos documentos e arquivo electrónico. Establécense as condicións para recoñecer a validez dun documento electrónico, e regúlase o sistema de copias electrónicas, tanto as realizadas a partir de documentos orixinariamente emitidos en papel, como as copias de documentos que xa estiveran en soporte electrónico. Tamén regúlase o arquivo electrónico, así como o acceso aos documentos arquivados.

O título sétimo, titulado “Incorporación de trámites e procedementos á tramitación electrónica”, establece a necesidade de que, previamente á súa tramitación electrónica, os procedementos administrativos deberán de conterse no Catálogo de procedementos e trámites electrónicos d, regulando, ademais, o seu procedemento de incorporación.

No oitavo capítulo refírese ao sistema de facturación electrónica e o pagamento electrónico. Tamén establece á posta en marcha do sistema de licitación electrónica no Concello de Viveiro

Por último, o anexo I contén o Catálogo de procedementos e trámites electrónicos do Concello de Viveiro.



CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. Esta Ordenanza regula implantación da administración electrónica no Concello de Viveiro, mediante o impulso da utilización dos medios e canles electrónicas no desenvolvemento da actividade administrativa do Concello de Viveiro, tanto par a asúa relación coa cidadanía como coas restantes administracións públicas, de acordo co establecido no art.45 da LEI 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, desenvolvido pola lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico aos servizos públicos.
2. Esta Ordenanza regulará aquelas actuacións nas que participe e que se realicen por medios e canles electrónicas. Concretamente nose seguintes ámbitos:
 - a. A tramitación dos procedementos administrativos incorporados á tramitación telemática
 - b. A creación do rexistro electrónico e a regulación do seu funcionamento.
 - c. Especificación dos trámites e procedementos que poderán ser iniciados a través do rexistro electrónico así como a fixación dos principios reguladores para a incorporación de novos trámites e procedementos administrativos.
 - d. A prestación, por medios informáticos, de servizos de información e de atención á cidadanía polos distintos órganos e unidades administrativas do Concello de Viveiro.
 - e. A regulación das relacións coas demais administracións e entidades públicas en tanto en canto actúen como usuarias dos servizos ou ben como parte interesada nos procedementos incluídos no ámbito de aplicación do Concello de Viveiro.
 - f. A regulación das relacións internas entre órganos e unidades administrativas do Concello de Viveiro que se realicen a través das redes internas.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

As disposicións contidas no concello de Viveiro serán de aplicación a:

1. As entidades pertencentes á Administración Municipal ou dependentes dela,
 - a. Os órganos e unidades administrativas do Concello de Viveiro
 - b. Os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, e demais entidades de dereito público dependentes do Concello de Viveiro.
 - c. As sociedades e entidades concesionarias de servizos públicos cando así o establezan os contratos ou o aproben os seus titulares, nas súas relacións c e coa cidadanía, no marco da prestación de ditos servizos públicos e no exercicio de potestades administrativas que teñan encomendadas por outras administracións



2. As relacións establecidas a través de medios electrónicos entre a Administración Municipal e a cidadanía (persoas físicas e xurídicas), así como con outras Administracións Públicas, a excepción de aquelas suxeitas a dereito privado.
3. Do mesmo xeito promoverase a aplicación dos principios do Concello de Viveiro no resto de entidades vinculadas a onde a súa representación sexa maioritaria, directa ou indirectamente.

Artigo 3. Principios de funcionamento

A implantación da administración electrónica no Concello de Viveiro realizarase de acordo cos principios xerais establecidos no artigo 4 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos e con total respecto das limitacións e garantías establecidas pola Constitución e o resto do ordenamento.

En todo caso, a Administración municipal utilizará as tecnoloxías da información garantindo a dispoñibilidade, o acceso, a integridade, a autenticidade, a confidencialidade e a conservación dos datos, informacións e servizos que xestionen no exercicio das súas competencias.

A actuación do Concello de Viveiro en materia de Administración Electrónica rexerese, cando menos, polos seguintes principios:

- ❑ Principio de gratuidade: A Administración non poderá esixir contraprestación económica adicional derivada do emprego de medios electrónicos informáticos nas súas relacións coa cidadanía.
- ❑ Principio de participación: A Administración Municipal promoverá o uso dos medios electrónicos no exercicio dos dereitos de participación, en especial o dereito de petición, os dereitos de audiencia e información pública, a iniciativa cidadá, as consultas e a presentación de avisos, queixas, reclamacións e suxerencias.
- ❑ Principio de impulso dos medios electrónicos: A Administración Municipal, en cumprimento do disposto no apartado 3 do artigo 70 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, impulsará de forma preferente o uso dos medios electrónicos no conxunto das súas actividades e, en especial, nas relacións cos cidadás.

Artigo 4. Comisión Técnica de Administración Electrónica

Créase unha Comisión Técnica da Administración Electrónica que exercerá as funcións de control e desenvolvemento de todos os aspectos técnicos, administrativos e formativos que a fagan posible.



A súa constitución deberá formalizarse mediante resolución da Alcaldía, na que se regulará a súa composición e funcións.

CAPÍTULO II. Dereitos e deberes da cidadanía

Artigo 5. Dereitos e garantías

1. As relacións que se produzan entre a cidadanía e a través dos medios electrónicos que se regulan no Concello de Viveiro realizaranse con plena suxeición ós dereitos e garantías previstos no art. 35 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía ós servizos públicos.
2. En concreto, recoñéceselle á cidadanía o dereito a relacionarse co Concello de Viveiro utilizando medios e canles electrónicas para obter informacións, realizar consultas e alegacións, formular solicitudes, manifestar consentimento, entaboar pretensións, efectuar pagamentos, realizar transaccións e opoñerse ás resolucións e actos administrativos municipais.
3. En todo caso, recoñéceselle á cidadanía os seguintes dereitos:
 - a. A utilizar o idioma galego na tramitación integral de todos os procedementos electrónicos que se establezan, quedando obrigada a Administración a poñer á súa disposición toda a documentación precisa ós efectos, en galego.
 - b. A utilizar o idioma castelán na tramitación integral de todos os procedementos electrónicos que se establezan, quedando obrigada a Administración a poñer á súa disposición toda a documentación precisa ós efectos, en castelán.
 - c. A elixir, entre aquelas que en cada momento se encontren dispoñibles, a canle a través da cal relacionarse por medios electrónicos co Concello de Viveiro.
 - d. A non achegar os datos e documentos que estean en poder do Concello de Viveiro.
 - e. Á igualdade no acceso electrónico ós servizos prestados pola Administración Municipal.
 - f. A coñecer, por medios electrónicos, o estado de tramitación dos procedementos nos que sexan interesados/as.
 - g. A obter copias electrónicas dos documentos electrónicos que formen parte dos procedementos nos que teñan a condición de interesados/as.
 - h. Á conservación en formato electrónico por parte do Concello de Viveiro. dos documentos electrónicos que formen parte do expediente.
 - i. A obter os medios de identificación electrónica necesarios, podendo utilizar calquera sistema de sinatura electrónica admitido polo Concello de Viveiro. En todo caso, as persoas físicas poderán utilizar a sinatura electrónica do Documento Nacional de Identidade.



- j. Á calidade dos servizos públicos prestados por medios electrónicos.
 - k. Á garantía da seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións do Concello de Viveiro.
 - l. Á elección das aplicacións ou sistemas para relacionarse co Concello de Viveiro, sempre e cando se utilicen estándares abertos ou, se é o caso, aqueles outros que sexan de uso xeralizado pola cidadanía
4. En particular, nos procedementos relativos ó establecemento de actividades de servizos, a cidadanía ten dereito a obter a seguinte información a través de medios electrónicos:
- a) Ós procedementos e trámites necesarios para acceder ás actividades do servizo e para o seu exercicio.
 - b) Ós datos das autoridades competentes en materias relacionadas coas actividades de servizos, así como das asociacións e organizacións profesionais relacionadas con elas.
 - c) Ós medios e condicións de acceso ós rexistros e ás bases de datos públicos relativos a prestadores de actividades de servizos e ás vías de recurso en caso de litixio entre calquera autoridade competente, prestador e destinatario.
5. Así mesmo, co fin de garantir o dereito ó honor e á intimidade persoal e familiar na utilización dos medios electrónicos ós que se refire , e de conformidade cos límites establecidos na Constitución, estarase ó disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e demais disposicións específicas que regulen o tratamento automatizado da información.

Artigo 6. Deberes da cidadanía

1. Co fin de garantir o bo funcionamento da administración electrónica, así como unha óptima xestión da información, comunicacións e procesos, os cidadáns e cidadás deberán cumprir cos seguintes deberes:
 - a. Utilizar de boa fe os servizos contidos no Concello de Viveiro e postos á súa disposición pola Administración Municipal , empregando, cando así se requira, algún dos instrumentos de identificación establecidos para estes efectos.
 - b. Facilitar, nas súas relacións coa Administración Municipal , información veraz, completa e precisa.
 - c. Custodiar os elementos identificativos persoais (claves, códigos, tarxetas, etc.) utilizados nas relacións administrativas por medios electrónicos coa Administración municipal.
2. A Administración Municipal velará polo cumprimento destes deberes, no marco do previsto na normativa aplicable e nas previsións do Concello de Viveiro.

CAPÍTULO III. A Sede Electrónica

Artigo 7. A sede electrónica no Concello



1. O acceso a todos os servizos contemplados nesta Administración Municipal realizarase a través da sede electrónica titularidade do Concello de Viveiro que queda establecida no enderezo electrónico *www. concellodeviveiro.es*
2. A sede electrónica estará identificada co selo de órgano do Concello de Viveiro.
3. O do Concello de Viveiro garantirá a integridade, veracidade, accesibilidade, neutralidade e actualización das informacións, servizos e transaccións ás que poda accederse a través da sede electrónica con suxeición ós principios recollidos no artigo 10.3 da Lei 11/2007.
4. Así mesmo, en materia de seguridade e interoperabilidade, aplicaranse os principios básicos e requisitos mínimos que establece o Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, relativo ao Esquema Nacional de Seguridade, así como lo establecido el Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
5. A información posta a disposición do público a través das redes de comunicación e accesible a través da sede electrónica estará permanentemente actualizada a través dos datos que, por parte de cada un dos órganos e unidades administrativas do Concello, se remitan á unidade correspondente a través do procedemento que se estableza.
6. A xestión da sede Electrónica, así como a dos servizos ofrecidos nela, será competencia da Comisión Técnica de Administración Electrónica.
7. Serán responsables da xestión, dos contidos e dos servizos postos a disposición da cidadanía na Sede Electrónica os titulares dos órganos administrativos que teñan encomendadas as funcións respectivas, e no seu casos titulares das entidades que se incorporen á Sede.

Artigo 8. Contido da sede electrónica

1. A través da sede electrónica do Concello de Viveiro a cidadanía poderá acceder aos seguintes contidos e servizos.
2. Contidos mínimos:
 - a. Identificación da sede co selo de órgano do Concello de Viveiro e dos responsables da xestión e dos servizos postos a disposición na mesma e, no seu caso, das subsedes que dela poidan derivar.
 - b. Información necesaria para a correcta utilización da sede incluíndo o mapa da mesma ou información equivalente, con especificación da estrutura de navegación e as distintas seccións dispoñibles.
 - c. Sistema de verificación dos certificados da sede, que estará accesible de forma directa e gratuíta.
 - d. Relación de sistemas de sinatura electrónica admitidos na sede.
 - e. Normativa de creación da sede electrónica e do rexistro electrónico



3. Servizos á Cidadanía:

- a. Relación de servizos dispoñibles na sede electrónica
- b. Ligazón ao formulario de suxestións e queixas
- c. Acceso, no seu caso, ao estado de tramitación de expedientes
- d. Publicación electrónica de actos e comunicación que deban publicarse no taboleiro de anuncios ou editos, indicando o carácter complementario ou substitutivo desta Administración Municipal.
- e. Verificación dos selos electrónicos dos órganos ou organismo públicos que abarque a sede
- f. Comprobación da autenticidade e integridad dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abarca a sede que teñan sido autenticados mediante código seguro de verificación
- g. Indicación da data e hora oficial aos efectos previstos no artigo 26.1 da lei 11/2007, de 22 de xuño.

4. Os órganos titulares responsables da sede poderán, previa disposición legal ou regulamentaria, incluír na mesma outros servizos ou contidos con suxeición ao previsto no artigo 10 da lei 11/2007, de 22 de xuño.

Artigo 9 .Taboleiro de edictos electrónico

1. O do Concello de Viveiro creará un taboleiro de edictos electrónico que se poderá consultar na súa sede electrónica a través do cal poderá dar a coñecer a información que unha norma xurídica ou resolución xudicial obrigue a notificar ou publicar, ou calquera outro edicto referido a un procedemento do Concello.

2. O do Concello de Viveiro garantiralles á cidadanía o acceso á información contida no taboleiro de edictos electrónico as 24 horas do día, todos os días do ano.

Artigo 10 .Formas de identificación e autenticación da cidadanía

1. Co fin de relacionarse coa Administración Municipal , a cidadanía poderá optar polos seguintes instrumentos de identificación:
 - a. O sistema de sinatura electrónica incorporado ó DNI
 - b. Os sistemas de sinatura electrónica avanzada e recoñecida que teñan validez para o Concello de Viveiro e que se especifiquen na sede electrónica.
 - c. A clave de usuario inscrita no rexistro de usuario habilitado na sede electrónica.
 - d. Calquera outro sistema que se estableza, nos termos e condicións de uso que determine.



2. As diferentes formas de identificación recollidas neste artigo poderán dar acceso a distintos niveis de información, tramitación e servizos segundo o grao de protección dos datos ou trámites aos que se pretenda acceder.
3. Todos os datos de carácter persoal que sexa preciso recabar para posibilitar o acceso aos distintos niveis de información, tramitación e servizos previstos n, pasarán a integrar os correspondentes ficheiros de datos persoais titularidade do Concello de Viveiro que contan co nivel de protección axeitado, e están declarados ante a Axencia Española de Protección de Datos, segundo o previsto legalmente.

Artigo 11 .Información de libre acceso.

Será de libre acceso para a cidadanía, sen necesidade de identificación, a seguinte información publicada na sede electrónica do Concello de Viveiro

- a. Información incluída no taboleiro de edictos electrónico do Concello.
- b. Publicacións oficiais do Concello
- c. Expedientes sometidos a información pública
- d. A información de acceso xeral que se considere oportuno

CAPÍTULO IV. Medios de identificación e autenticación

Sección I. Identificación electrónica da administración municipal

Artigo 11 .Sistemas de identificación e autenticación da Administración

A Administración Municipal poderá utilizar os seguintes sistemas para a súa identificación electrónica e para a autenticación dos documentos electrónicos que, no seu caso, prodúzanse:

- a. Sistemas baseados na utilización de certificados de dispositivo seguro ou medio equivalente que permita identificar a sede electrónica e o establecemento con ela de comunicacións seguras.
- b. Sistemas de firma electrónica para a actuación administrativa automatizada.
- c. Firma electrónica do persoal ao servizo do Concello de Viveiro.
- d. Intercambio electrónico de datos en contornas pechadas de comunicación.

Artigo 12 .Identificación da sede electrónica

As sedes electrónicas creadas no ámbito da Administración Municipal identificaranse mediante certificado de sede electrónica. O uso do devandito certificado estará limitado á identificación da sede electrónica, quedando excluída a súa aplicación para a firma electrónica de documentos e trámites.



Artigo 13 .Sistemas de firma electrónica para a actuación administrativa

1. As entidades integradas na Administración Municipal poderán determinar no ámbito da actuación administrativa automatizada a utilización dos seguintes sistemas de firma electrónica:
 - a. Selo electrónico do órgano ou entidade de dereito público correspondente, baseado nun certificado electrónico que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.
 - b. Código seguro de verificación vinculado ao órgano ou entidade de dereito público correspondente e, se procede, á persoa asinante do documento.
2. A creación de selos electrónicos ou códigos seguros de verificación para a actuación administrativa automatizada deberá realizarse mediante o correspondente Decreto de Alcaldía ou resolución do titular do organismo público, no que se deberán especificar as condicións de responsabilidade, uso, garantías técnicas e legais, así como supostos e trámites en que serán de aplicación.

Artigo 14 .Identificación e autenticación do persoal ao servizo da Administración Municipal

O persoal ao servizo do Concello de Viveiro utilizará, para a súa identificación e autenticación por medios electrónicos no exercicio das súas competencias, os sistemas de identificación e firma electrónica de que fose provisto o persoal ao seu servizo, de acordo coas previsións dea normativa básica aplicable, entre os cales se atopará aquela baseada nun certificado de empregado público ao servizo da Administración, expresamente admitido con esta finalidade.

Artigo 15. Intercambio electrónico de datos en contornas pechadas de comunicación

- 1 O intercambio de datos electrónicos transmitidos en contornas pechadas de comunicación será válido aos efectos de autenticación e identificación por medios electrónicos de conformidade coas condicións e garantías que acorden as partes, as cales deberán garantir a integridade, o non repudio e o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e a súa normativa de desenvolvemento.
2. O do Concello de Viveiro establecerá a relación de emisores e receptores autorizados e a natureza dos datos a intercambiar en contornas pechadas de comunicación. Cando devandito intercambio realícese con outra Administración Pública, deberanse fixar



previamente no preceptivo convenio as condicións e garantías polas que se rexerá a transmisión.

Artigo 16. Política de identificación e autenticación electrónica do Concello de Viveiro

- 1 O Concello aprobará, por Decreto de Alcaldía, a súa política de firma electrónica e de certificados, a cal será publicada integramente na Sede Electrónica Xeral.
- 2 A política de firma electrónica e de certificados, en consonancia co establecido no Esquema Nacional de Interoperabilidade e as súas normas técnicas, concretará os procesos de xeración, validación e conservación de firmas electrónicas, así como as características e requisitos exixibles aos sistemas de firma electrónica, os certificados, os servizos de selado de tempo, e outros elementos de soporte das firmas.
- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional)...237.840,56

Devolucións de ingresos pendentes de aplicar o presuposto

- Axuste por dev. de ingresos pdtes de aplicar ao presuposto.....-3.345,01

En conclusión, a entidade cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e prevé cumprir a regra de gasto na estimación da liquidación a 31 de decembro de 2016.

II) DÉBEDA PÚBLICA

A 31 de marzo de 2016 o Concello de Viveiro presenta a seguinte débeda pública:

NIVEL DE DEBEDA PUBLICA	Euros
1) Deuda viva a 31.03.2016	12.833.481,86
2) Operacións de tesourería a 31.03.2016	1.800.000,00

III) PERÍODO MEDIO DE PAGO

O período medio de pago do Concello de Viveiro do primeiro trimestre de 2016 é de 29,54 días, calculado segundo a metodoloxía do RD 635/2014, de 25 de xullo.- Viveiro, a 30 de maio de 2016. A Interventora.Asd. Rosa Abelleira Fernández

Informe de tesourería e intervención

Asunto: Informe do primer trimestre de 2016 relativo ao cumprimento de prazos da lei 15/2010

Os funcionarios que subscriben emiten o seguinte informe en cumprimento do disposto no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, determinou a obrigatoriedade das Corporacións Locais de elaborar e remitir, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigas de cada entidade.

A Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de sub-



ministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, determina no artigo 5 o procedemento a seguir para subministrar información e no artigo 16 regula as obrigas trimestrais de subministro de información.

Normativa de aplicación

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.
- Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego,
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público,
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local,
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.
- Orde ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira

Informe

Para a súa elaboración seguíuse a guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade que as entidades locais han de remitir ao MFAP, que está a disposición dos usuarios na web do MFAP, na oficina virtual das entidades locais, e que se publicou a principios do 2015.

O ámbito de aplicación son as operacións comerciais para a execución dos contratos de obras, concesión de obras públicas, xestión de servizos públicos, subministros e servizos.

Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que non están baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria.

O destinatario ten que ser unha empresa, quedando, por tanto, excluídas as que se producen entre distintas entidades do sector público.

Por tanto correspóndense, con carácter xeral, con gastos correntes en bens e servizos e con investimentos.

Polo que respecta aos prazos de pago, a Administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados desde o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón de outros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pago do prezo sen incorrer en mora (artigo 4 da Lei 3/2004, artigo 216.4 do Real decreto lexislativo 3/2011 e a disposición adicional quinta da Lei orgánica 2/2012).



O inicio do cómputo do período medio de pago, tanto das operacións pagadas como as pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, con carácter xeral, desde a recepción da factura.

Por todo o anterior e a partir dos datos obtidos do programa de contabilidade pública infórmase dos resultados de morosidade que se corresponden cos documentos xustificativos do primer trimestre de 2016.

Pagos realizados no trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no Trimestre			
		Dentro periodo legal pago		Fora periodo legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en bens corrientes e servizos	69,72	1.095	983.478,14	656	720.778,44
20-Arrendamientos y cánones	41,09	59	8.884,86	0	
21-Reparación, mantenimiento y conserv.	67,59	91	65.316,61	78	55.100,97
22-Material, suministro y otros	70,05	945	909.276,67	578	665.677,47
Inversiones reales	60,58	9	57.616,74	5	104.282,30
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	83,44	15	13.264,33	15	42.960,59
Pagos realizados ptes. de aplicar ao orza.	0,00	0	0,00	0	0,00
TOTAL	69,35	1.119	1.054.359,21	676	868.021,43

Intereses de demora pagados en el trimestre Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Periodo medio pendiente de pago (PMPP) (días)	Intereses de demora pagados Pendientes de pago al final del trimestre				Por todo o trimestre
		Dentro periodo legal pago a final de trimestre		Fora periodo legal pago a final de trimestre		
		Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total	
Gastos corrientes en bienes y servicios	28,10	642	525.668,31	6	4.319,49	
Inversiones reales	28,10	3	3.617,37	0		
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	30,18	79	63.197,67	3	2.139,89	
	28,01	560	458.853,27	3	2.179,60	
	54,69	12	69.306,10	2	32.818,83	
	20,65	10	94.734,13			
TOTAL	30,87	664	689.708,54	8	37.138,32	

exposto **propónse:**

Que do presente informe e se dé traslado aos órganos competentes do MFAP (á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas CCAA e coas EELL) e á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.

Viveiro, 21 de abril de 2016



O PLENO CORPORATIVO DASE POR ENTERADO.

10- MOCION DO PARTIDO POPULAR SOBRE HONORES E DISTINCIONA A D.ENRIQUE CAL PARDO.

O concelleiro do Partido Popular de Viveiro, Don Celestino García Paz, en nome propio e no do grupo municipal do Partido Popular, presenta ó Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte Moción:

MOCION PARA HONORS E DISTINCIONS A D.ENRIQUE CAL PARDO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 28 de abril falecía o deán da catedral de Mondoñedo o insigne viveirense D. Enrique Cal Pardo (Galdo 1922). Destacado medievalista, é de todos recoñecida a súa dilatada e extensa traxectoria como profesor de teoloxía.

son numerosos os seus libros publicados: El Monasterio de la Isla de la Colleira, Madrid, 1983; El Monasterio de S.Salvador de Pedroso, A Coruña, 1984; Synodicon Hispanum.I.Galicia (Constituciones Sinodales de Mondoñedo), Madrid, 1981; Regesta de los documentos medievales, escritos en pergamino, del Archivo de la Catedral de Mondoñedo, Lugo, 1990, Mondoñedo-Catedral, Ciudad, Obispado-en el siglo XVI, Lugo, 1992; la música de la Catedral de Mondoñedo, Lugo, 1996; Colección Diplomática Medieval del Archivo de la Catedral de Mondoñedo. Transcripción íntegra de los documentos, Santiago, 1999 y de Viveiro en la Edad Media, 1992.

Foi Licenciado en Teoloxía pola Universidade de Comillas-Santander (1946). Doctor en Teoloxía pola Universidad de Comillas-Madrid (1969) e Medalla de Bronce de Galicia (1998)

En xuño de 2011 foi nomeado polo Papa Prelado de Honor da Súa Santidade.

Débeselle a conservación, estudio e traducción dos dos arquivos máis importantes de Galicia o do Obispado de Mondoñedo.

A vista destes e doutros moitos datos que se poderían aportar sobre a figura deste insigne historiador viveirense, dende o noso grupo pensamos que esta traxectoria ben merece ser honrada e posta en valor polo pobo que e viu nacer. Por iso imos solicitar o Pleno da corporación que se adique un espazo que recorde a súa memoria e o seu legado.

Por este moivo proponemos á Corporación a aprobación dos seguintes ACORDOS.

1º).- A aprobación por parte da Corporación de adicarlle un espazo a D.Enrique Cal Pardo.

2º) A creación dunha comisión na que esteñan representados todos os grupos da Corporación para determinar este espazo-rúa, plaza, que de nome o arquivo municipal.-En Viveiro a 30 de xuño-Celestino García Paz-Concelleiro.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese:

A de D. Manuel Galdo Dopico, Concelleiro non adscrito que ven en manifestar que o Grupo de " Non adscritos" vai votar en contra xa que o espazo ou rúa que se escolla



para nomear a laguen, tén que ser lugar de "concordia" para todos os vecinos de Viveiro. Consideramos que Cal Pardo é unha persoa importante pero máis para as persoas que teñen esas ideas e nós non aqueremos ferir ningunha sensibilidade, ademais temos aínda pendente o tema do poeta Carlos Oroza.

A de D. Marcos Besada Alvarez, Concelleiro do Son Viveiro, quén dí que está totalmente de acordo e que respeta a figura de Cal Pardo, pero que hai persoas en Viveiro máis salientables e metidos nestas ideoloxías ou con este tipo de ideoloxía.

Seguidamente toma a palabra a Sra. **Alcaldesa, Dona Maria Loureiro** García quén dí que o seu Grupo vai votar a favor, xa que son respetuosos con todo tipo de creencias e que xa se viu cando se aprobaron actos de "exaltación da República" ou outros, e cremos que hai espazos para todo o mundo.

Intervén Do Celestino Garcia do P.P. para dicir que non só Cal Pardo é sacerdote, senon que tamén é profesor, escritor e de valía recoñecida.

Intervén novamente **D. Manuel Galdo Dopico**, para dicir que non quero minorar esta figura, e estou de acordo na súa valía recoñecida, e sabemos que hai espazos e ruas en Viveiro, pero gustaríanos máis que sexan espazos para persoas que cumpren labores de apoio para as clases máis desfavorecidas e nesa Comisión que se vai a facer, nosoutros, tamén vamos votar en contra.

Non existindo máis intervencións sométese a votación a Moción presentada polo Grupo Municipal do PP, arroxando o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) que resultan ser: oito (8) do Grupo de Goberno, cinco (5).

Votos en contra: catro (4), que resultan ser: tres (3) dos Concelleiros non adscritos e un (1) do concelleiro de Son Viveiro.

O Pleno da Corporación, por maioría, que resulta ser maioría absoluta, **ACORDA:**

1º).- APROBAR a creación dunha comisión na que esteñan representados todos os grupos da Corporación para determinar este espacio-rúa, plaza, que dia nome e poidase adicarlle a D.Enrique Cal Pardo.

11º.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DE SON VIVEIRO RELATIVA A INSTANCIA AO GOBERNO MUNICIPAL PARA QUE DEA CONTA SOLICITANDO INFORME DE ACTUACIONES

O Grupo Municipal SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Alvarez, volve a presentar para o seu debate no **Pleno do mes de** xullo a seguinte MOCION relativa á instancia ao Goberno Municipal para que dea conta das actuacións e do grao de cumprimento das propostas presentadas polo Pleno.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a entrada nesta Corporación, o Grupo Municipal SON VIVEIRO presentoulle ao Pleno, entre outras, as seguintes propostas:

- 1.-Elaboración dun Regulamento de Participación Vecinal.
- 2.-Aplicación de políticas reais de axuda a refuxiadas e refuxiados.
- 3.- Inventario da pista onde se celebra a Feira das Maulas.
- 4.-Xuntanza coas Comunidades de Montes para negociar a participación das mesmas nas obras comunitarias.
- 5.-Restrición sobre o uso de pesticidas nas labores de mantemento responsabilidade da administración pertinenete.
- 6.-Elaboración da ordenanza municipal sobre camiños e vías públicos en relación ás operacións forestais.
- 7.-Revisión do plan de circulación paa o casco antigo.

Aínda que moitas destas propostas foron estimadas ouconsideradas para ser revisadas en grupos de traballo, o Goberno Municipal non achega información periódica das actuacións levadas a cabo, o que nos leva a ter

que solicitar nos distintos plenos información para facer un seguimento sobre as iniciativas presentadas pol noso Grupo.

Resúltanos complicado levar a cabo unha análise e un control da xestión municipal, vindo agravadas as dificultades coas que nos atopamos pola imposibilidade de efectuar unha valoración a traves da web do Concello, máis alá das correspondentes actas do Pleno publicadas con varios meses de demora, sendo tamén inexistentes a información sobre o grao de cumprimento das nosas propostas e sobre as xestións que se están a levar a cabo respecto ás mesmas.

Por todo isto, co gallo de reforzar atransperancia na xerencia municipal e agardando a aprobación do Regulamento de Participación Vecinal proposto polo noso Grupo-que serviría para cumprir co dereito á información que lles corresponde ás e aos viveirenses.-,traemos a consideración do Pleno a seguinte proposta de

ACORDO:

- 1.-Instar ao Goberno Municipal para que,nun prazo máximo de 60 dias contados a partir da celebración do Pleno Ordinario do mes de xullo, se lles remita aos Grupos Municipais da oposición un informe no que se dea conta do grao de cumprimento das iniciativas presentadas no tempo de mandato que vai transcorrido.
- 2.-Tomar as medidas oportunas para que o devandito informe se faga público e o texto íntegro das propostas aprobadas en cada Pleno sexa publicado na páxina web municipal, actualizando a información das xestións que se están a realizar ao respecto.-En Viveiro a 20 de xuño de 2016.-Asdo: Marcos Besada Alvarez.-



Con esta Moción queremos que, ademais de ampliar o prazo suxerido para pode facer esto, e porque consideramos que levando feitas algunhas das labores aprobadas por unanimidade e chegada esta parte de investigación seguimos sin ter este tipo de notificacións. Tampouco incluímos as do pasado pleno, hai cuestións que están presentadas polo meu compañeiro Victor Miranda de Son Viveiro, e aínda non sabemos nada. Polo tanto queremos volver a recordar que nós non nos esquecemos dos escritos presentados e queremos contestacións para poder seguir traballando.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese:

A de D. Antonio Bouza Rodil, voceiro do P.P., qué dí que sin mal non recorda foi no Pleno de febreiro cando se presentou esta moción, que apuntaban un prazo de quince días, pero esta moción non saliu adiante xa que eramos oito e oito e desempate co voto de calidade da Alcaldesa.

Nos estamos de acordo co fondo desta Moción, xa que transparencia toda a que sexa falta, tanto para o equipo de goberno coma para oposición temos que ser transparentes en nosas actuacións en nosas informacións e non hai ningunha dúbida. En aquel Pleno o seu compañeiro Victor Miranda xa lle advertía que as cousas de palacio van despacio.. e neste palacio as cousas van tan despacio.. que non van. De feito estamos a falar fai un momento de que se leva esperando non sei canto para que se constituía unha Comisión e se acorde adicarlle unha calle ao poeta Oroza e aínda non se constitúeu. Nosoutros pedimos que se creara unha comisión de seguridade vial e aínda tampouco se creou, e así poderíamos seguir. Nos vamos a votar que sí a esta Moción e lle recordaría que ampliara o prazo de contestación, que en lugar de sesenta días puxera seiscentos días para que lle contestaran.

A de D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Non Adscrito, e dí que están de acordo nesta Moción para contestar as porpostas que fixo Son Viveiro, ou o Partido Popular e nós en varias ocasións e vemos que se adoptan acordos que despois non se lles fai caso. Nos a dúbida, parto da base de que vamos a votar a favor de que se faga este informe en concreto, per ao duda que nos urxe e si está regulado polo funcionamento da Lei a contestación se volve a traer ao Pleno. Penso que se ven funcionando así... Si non veu ao Pleno e que non se fixo.. Digo si ese informe se pode traer ao Pleno pois digo que se presente, e vamos votar a favor neste caso, pero en adiante será o pleno o que controle o cumprimento das propostas.

Intervén a Sra. Alcaldesa para contestar que o oportunismo do Partido popular, coma sempre, aproveita calquer momento para desprestixar ao goberno e volve explicar ao Sr. Besada que hai acordos que non dependen do equipo de goberno, pois están en tramitación e poden depender das solucións de outras administracións. Outro acordos onde nos comprometemos a facer e aprobar alguna ordenanza que, o día a día, si surxe algo máis urxente temos que levalo acabo. Non é que se pare o traballo. Neste intre temos a secretaria titular, que non estaba previsto, aprobou unha praza, e ten que estar facendo o curso catro meses en Madrid. Non podemos contratar a outra secretaria coa titulación que se esixe porque non está consignado, non estaba previsto e ata outubro non se vai incorporar e está a secretaria accidental que bastante fai con levar o día a día os asuntos que se presentan e á funcionaria que fai de secretaria accidental a alcaldía non le pode dicir que retome os asuntos que ten a titular coma pode ser a Ordenanza de Participación vecinal a que se está elaborando pola Secretaria Titular.



Tampouco me poido comprometer a aprobar esta moción, xa que os acordos son compromisos, que o mellor non se poden facer neses prazos de 60 días. Algo concreto, si se pode facer e máis que xa temos a plataforma. Temos o Grupo do Partido Popular que é o que máis ven pedindo e a documentación se lle dá, e dásele o máis rápido que se pode. Temos a transparencia toda..Estamos facendo máis Plenos que os que manda a Lei e vimos facendo un Pleno por mes, cando o Concello de Viveiro pola súa categoría ten que facer un Pleno de cada dous meses.

Emos transparencia pero non seis si en sesenta días vamos poder contestar e quero que conste en acta que o grupo de goberno vai votar en contra de facelos seguimentos e contestar, a sesenta días, de totalas propostas ou mocións aprobadas no pleno. Continúa e dí que Podermos cumprir algunos prazos e outros non.

Interven Don Marcos Besada Alvares, de Son Viveiro, quén dí que traemos esto ao Pleno con carácter constructivo e en pro do cidadán e buscando un Viveiro e unha cidade mellor. E no momento de ter unha plataforma web se podería ter outro tipo de transparencia para os que están fora do concello. Existen en outros ayuntamientos e non estamos comentando nada malo. Construír nese senso unha administración moito máis transparente. Todos vedes que son traballos elaborados e nosoutros non queremos meter o dedo na iaga, senon que hai unha serie de traballos que ocupan o noso tempo para poder realizalo e ,sinceramente, desalienta bastante, cando se fai e vese aque non hai resultados coma algunos que están de fai tempo. Vamos quitar os do mes de maio, de acordo, pero que me di dos anteiores, por exemplo: O regulamento de participación cidadá. No Concello de Lourenzá está aprobado. E unha cuestión de querer e dar prioridade.

Finalizado o debate, e sometida a moción de Son Viveiro.

Votos a favor: nove (9) que resultan ser: cinco (5) do PP; tres do grupo non adscrito e un(1) de Son Viveiro

Votos en contra: oito, (8) que resultan ser do Partido do Goberno.

O Pleno Corporativo por maioría de votos, **ACORDA:**

1º.- Remitir un informe, no prazo máximo de 60 días, contados a partir da celebración do Pleno Ordinario do mes de xullo, se lles remita aos Grupos Municipais da oposición un informe no que se dea conta do grao de cumprimento das iniciativas presentadas no tempo de mandato que vai transcorrido.

2.-Tomar as medidas oportunas para que o devandito informe se faga público e o texto íntegro das propostas aprobadas en cada Pleno sexa publicado na páxina web municipal, actualizando a información das xestións

12.- MOCION DE SON VIVEIRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIONES EN PROL DA IGUALDADE LEGAL, SOCIAL E DE FEITO ENTRE TODAS AS PERSOAS.

O Grupo Municipal SON VIVEIRO, a través do seu Concelleiro Don Marcos Besada Alvarez, presenta para a súa inclusión na Orde do día do próximo Pleno do Concello de Viveiro a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Por desgraza, a LGTBQfobia (u odio e o rexeitamento ás persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais, e queers) persiste na nosa sociedade, mostrándose con moitas



e diversas facianas. A discriminación exercida contra este colectivo é violencia e, como tal, debe ser denunciada e condenada enerxicamente tanto pola sociedade como polos propios poderes públicos-só no que vai deste ano, hai rexistradas máis de setenta agresións contra a diversidade sexual en toda España; moitas outras nunca se chegan a coñecer, malia a existir-

O Estado español ofrécelle unha realidade paradóxica a aquelas persoas que, coas súas vidas, desbordan a "normalidade" acerca da vivencia do xénero ou a orientación sexual. España está considerada, por unha banda, como un dos países máis avanzados en igualdade real da Unión Europea-neste sentido, é certo que temos dado algúns pasos en positivo- pero, pola outra, quedan moito traballo por facer e moitos dereitos por conquistar.

Non queremos ser unha rexión preocupada unicamente por liderar rankings económicos, pero no que asemada se sigan suicidando vítimas de bullying LGTBQfóbico, nin un lugar no que a medicina se siga guiando por conven-

Chinos como o Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais e a Clasificación Internacional de Enfermidades que aínda patoloxizan a transexualidade como unha disforia de xénero, nin un país no que ás lesbianas e ás bisexuais se lles poda privar do seu dereito a acceder a tratamentos públicos de reprodución asistida e se lles continue invisibilizando nos protocolos xinecolóxicos e na sociedade, debido ao sistema heteropatriarcal que nos oprime, nin unha zona na que persista un exercicio impune da violencia nas rúas-en aumento, nas aulas e nos centros de emprego por motivos de orientación sexual ou vivencia do xénero non normativo.

Somos conscientes de que este traballo require dun esforzo educativo enorme; trátase de deconstruír moitos dos prexuízos naturalizados pola sociedade e que as institucións reproducen de forma automática. É un esforzo que require un cambio estrutural das lóxicas do sistema a todos os niveis, pero que non pode seguir sendo a materia pendente de maioría de países, e as e os representantes galegas e galegos deben ter iso en conta á hora de dirixirse a outros países do ámbito internacional.

Por todo isto, cremos que, desde as institucións, temos que seguir traballando en prol da igualdade legal, social e de feito entre todas as persoas; ha que impedir que as conviccións morais o ideolóxicas individuais continúen a minar o avance da igualdade, que é o camiño da democracia, polo que proponemos a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1 Contribuír, nas competencias que lle son propias a este Concello, ao desenvolvemento e aplicación de todas as medidas previstas na lexislación vixente contra toda discriminación por orientación sexual, identidade de xénero e diversidade familiar, coa finalidade de erradicar da nosa sociedade calquera tipo de LGTBQfobia no ámbito familiar, escolar, laboral, social e/ou político.

2 Incluir a educación na diversidade afectivo-sexual e familiar nos programas de formación que poña en marcha este Concello, tanto para o alumnado de centros escolares como para o persoal funcionario u técnico municipal.

3 Impulsar, nos centros educativos da nosa cidade, a creación e posta en marcha de Tutorías de Atención á Diversidade Afectivo Sexual.



4 Retirarlles inmediatamente calquer tipo de subvención ou axuda económica ás entidades públicas ou privadas (políticas, sociais, relixiosas...) que, coas súas actuacións ou declaracións, fomenten o odio ou a discriminación cara as persoas LGTBQ.

- 5 Condenar a discriminación, violencia, persecución e criminalización das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais, intersexuais e queers- así como do resto de persoas que loitan en defensa dos seus dereitos- e as leis anti-LGTBQ que se leven a cabo en calquera lugar do mundo.
- 6 Poñer en marcha todos os mecanismo posibles de colaboración co resto de administracións galegas para facer efectivo o cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays transexuais, bisexuais e queers en Galicia.
- 7 Instar ao Gobeno da Xunta a un maior desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, en colaboración co movemento asociativo e demais colectivos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, co gallo
- 8 de dotala de ferramentas e compromisos contra todo tipo de discriminación e violencia contra o colectivo.
- 9 Instar ao Goberno central para que se inclúa e se garanta o proceso da reasignación de sexo no catálogo de prestacións xerais da Seguridade Social e das lesbianas e mulleres bisexuais nos programas de reprodución aistida.

Da presente Moción, darase traslado: ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade á Secretaria Xeral da Igualdade e ao movemento asociativo LGTBIQ da zona.-En Viveiro a 20 de xuño de 2016.-Asdo: Marcos Besada Alvarez.

Aberta a quenda de intervencións

Intervén a Sra. Alcaldesa, para decir que vai votar a favor e que entenden que rexeitamos todo tipo de rechazos e xa mostramos ublicamente o apoio os colectivos de gays e lesbianas e apoiamos ao Orgullo gay.

Intervén D. Antonio José Bouza Rodil, para decir que se adianta de que o Partido Popular tamén vai a votar a favor desta moción, aínda que algunos párrafos poderían ser discutibles, pero hai que centrarse no importante e é que nestes asuntos non ten que haber cores senon a defensa dos dereitos e das igualdades de todas as persoas e que ninguén se vexa privado dos seus dereitos e das súa liberdades pola súa condición. Os nosos esforzos teñen que ir para que todas as persoas independentemente da súa inclinación sexual, consigan os dereitos e as liberdades. Estamos de acordo con todos os puntos da súa moción, pero nese de: instar ao Goberno da Xunta ...pero dígole que o Goberno da Xunta está a traballar a tomar medidas. Recordarlle que o Parlamento Galego aprobou o 8 de marzo esta Lei para evitar a discriminación, violencia, persecución e criminalización das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais, e foi publicada



o 25 de abril do ano 2014. Unha Lei aprobada cos vosotos do Partido Popular, cos vosotos do Partido socialista, cos votos do partido nacionalista etc, e abstención de AGE-Alternativa galega de Esquerdas-.Esta Lei foi pioneria para moitas das Comunidades Autónomas. E xa no calendario escolar de 2016-2017 hai días que destacan os dereitos destes colectivos e tamén no currículo que recolla a Educación Primaria de Galicia-o desenvolvemente dos valores o principio da igualdade de trato e non á discriminación por calquera das circunstancias moral ou social.

Quero finalizar cunha frase que non é miña e dicia así: " Con hombres y mujeres de conciencia rechazamos la discriminación en general y en particular la discriminación basada en la orientación sexual y en la violencia de género, donde existan tensiones y estas actitudes.. los derechos humanos y universales deben prevalecer... Penso que recolle o sentir de todos que estamos aquí, da sociedade galega e da sociedade española.

E non habendo máis intervencións, sometida a votación a Moción de Son-Viveiro, o Pleno Corporativo, por unanimidade **ACORDA:**

Prestar aprobación á Moción que presenta o Concelleiro de Son Viveiro, Don Marcos Besada Alvarez., en todos os puntos e para a realización de actuacións en prol da igualdade legal, social e de feito entre todas as persoas.¶

ASUNTO URXENTE.-

Seguidamente, pola Señora Alcaldesa, por razóns de urxencia, e de conformidade co artigo 82.3 do ROF, pregunta aos membros do Pleno, si están conformes en incluír na Orde do día e someter a votación a Adhesión ao Convenio da Asociación Terras de Miranda.

O Pleno Corporativo, por unanimidade, **ACORDA:**

Incluír na orde do día a proposta da concellalía de Facenda de Adherirse ao Convenio da Asociación Terras de Miranda.

13º.- ADHESIÓN AO CONVENIO DA ASOCIACIÓN TERRA DE MIRANDA.-

Dase conta da Proposta da Concellería de Economía e Facenda, que presenta ao Pleno a adhesión ao Convenio da Asociación Terras de Miranda, esta asociación, carece de ánimo de lucro.

Dita asociación terá como ámbito de actuación o territorio dos seguintes municipios da provincia de Lugo_ Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenza, Mondoñedo, Orol, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O vicedo, Viveiro, e Xove.

Son fins da asociación:

- 1.-Instrumentar o desenvolvemento rural nos distintos ámbitos municipais incorporados á Asociación de maneira inmediata ou acomodada ás súas especificidades respectivas, mediante estratexias e accións máis amplas.
- 2.-Favorecer a adquisición de coñecemento en materia de desenvolvemento rural e difundir os mesmos.
- 3.-Procurar o desenvolvemento endógeno do medio rural a través da aplicación de solucións innovadoras que teñan carácter modélico e que sirvan e complementos e apoio ás iniciativas das Administracións públicas.



4.-Promover, apoiar e impulsar todo tipo de actividades culturais e científicas para a defensa do Patrimonio Cultural, Artístico, Histórico, Arquitectónico e Natural.

5.-Impulsar e fomentar a investigación para o desenvolvemento económico e social comarcal e local.

6.-Promover todo tipo de iniciativas que teñan por obxecto a promoción de actividades de interese xeral da comunidade, sempre que sexan acordes coas leis e se orienten o ben común.

Para elo realizárense as seguintes actividades:

1.-Executa programas con efectos de desenvolvemento local- rural consorciados coas Administracións públicas e perfectamente auspiciadas pola Unión Europea, e en especial por medio do programa Leader.

2.-Colaborar coas Administracións Públicas como xestoras delegadas ou calquer outro sistema, e en especial coa Axencia galega de Desenvolvemento Rural AGADER.

Por todo elo, pópóñese a aprobación dos puntos seguintes:

1º.- Adherirse ao Convenio e os Estatutos da Asociación Terras de Miranda.

2.- Aboar unha cuota anual de 500,00 euros (quinientos Euros), para o que existe consignación presupuestaria adecuada e suficiente para atender dita cuota.

3º.- Facultar á Sra. Alcadesa para asinar os documentos da adhesión á Asociación Terras de Miranda.

O pleno Corporativo, por unanimidade, **ACORDA:**

PRESTAR APROBACIÓN Á ADHESIÓN DO CONCELLO DE VIVEIRO A ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA EN TODOS OS PUNTOS.

14º.-ROGOS E PREGUNTAS

Belinda Bermúdez Otero, en representación do Grupo Municipal Popular de Viveiro, realiza á Alcadesa da Corporación os seguintes ROGOS :

1.- Na beirarrúa do supermercado Eroski, susto fronte á porta que dá acceso ao establecemento, atópase unha papeleira cun lamentable estado desucidade e deterioro, na base da mesma hai roña desprendendo mal cheiro. Trátase dunha beirarrúa moi transitada posto que se atopan ocupados todos os baixos comerciais e a gran maioría das vivendas alí situadas. Por esta razón rogámoslle ao equipo de goberno que proceda á limpeza da devandita zona, ou en caso de non ser competencia municipal insten aquen lle corresponda coa maior prontitude posible, xa que cos días de calor o mal cheiro aumentará.

Pola Sra. Alcadesa se lle contesta que os soportales do eroski son privados pero como transitan moitos vecinos alleos á comunidade faise a limpeza pola empresa municipal

2.- No paso de peóns que está fronte ao quiosco de xeados situado ó lado do edificio Omega, atópase un rebaixe na beirarrúa do mencionado quiosco, pero susto enfrente, na beirarrúa do paseo marítimo está sen rebaixar, o que impide ás persoas que vaian



en cadeira de rodas poder cruzar no devandito paso de peóns. Co fin de eliminar o maior número posible de barreiras arquitectónicas do noso municipio, é polo que ROGAMOS ao equipo de goberno realicen o rebase da beirarrúa do paseo marítimo en dito paso de peóns..

Pola Señora Alcaldesa se lle resposta que a situación do Paso de cebra do Omega darei conta de iso ao encargado de obras para que proceda a rebaixar ese paso.

3.- No pleno do 7 de outubro de 2015 presentábamnos un rogo facendo referencia ós retablos situado na "Porta de Carlos I de España e V de Alemania" e na Porta da Vila" indicando que se atopaban nun lamentable estado de deterioro e pedimos á Sra. Alcaldesa que adoptara as medidas necesarias para proceder a súa limpeza e restauración por persoal especializado, recibindo por contestación que a porta de Carlos V en 1942 fora declarada monumento histórico e requería autorización de patrimonio o que implicaba un coste elevado, e que se faría no seu momento.

Nove meses despois comprobamos que seguen exactamente igual por non dicir peor, posto que ademais de presentar as mesmas teas de araña na parte exterior dos retablos, o situado en Porta da Vila ten un anaco de madeira medio desprendido que pode provocar risco para os viandantes. Por este motivo é polo que lle ROGAMOS á Sra. Alcaldesa tome as medidas oportunas para subsanar o problema a maior brevidade posible.

Pola Señora Alcaldesa se lle contesta que a Porta de Carlos V require autorización de Patrimonio.

Por outra banda si hai risco na Porta da Vila, penso que o debe de comunicar canto antes do Pleno.

Para a porta e monumentos é necesario contar con un proxecto, hai que encargar o traballo a unha empresa especializada e supón un elevado custe económico par ao cal non existe consignación orzamentaria.

Con respecto a pedra da aue fai mención, xa os Técnicos municipais están a examinar e mirar a maneira de limpala.

Don Celestino García Paz, en representación do Grupo Municipal Popular, realiza a Alcaldía o seguintes **ROGOS:**

1º.- O pasado domingo 3 de xuño, á primeira hora da mañá vecinos, comerciantes e turistas quedabamonos perplexos ante a situación que presentaba a Praza Maior, coa cantidade de papeis, plásticos cartóns etc suponemos como consecuencia do final do Mercado Renacentista.

ROGAMOS o Goberno local que lle esixa a empresa concesionaria a limpeza despois destes eventos.

Pola Sra. Alcaldesa se lle resposta que a empresa estivo cedo para limpar a Praza pero que aínda estaban colocados os postos do Mercado renacentista e aproveitou para limpar outras rusa. De ahí que a Praza estivera sin limpar. Terémolo en conta para avisar ós dos postos que retiren antes e deixen a Praza libre.



2).-Algún vecinos do barriio da Iglesia de Covas manifestán as malas condicións nas que se atopan os accesos a Iglesia parroquial, tanto desde a estrada LU 862 como desde o Río Loiba ata o barriio da Cruz.

ROGAMOS que se teñan en conta estas repacións en futuras obras a realizar.

Pola Sa.Alcaldesa se lle contesta que se arranxou o acceso pola estrada 862, evidentemente a entrada do Río de Loiba a Iglesia o equipo de goberno xa ten intención de arranxalo.

3).-Dende a rúa Rego das Flores desde a vivenda nº 2 ata a súa finalización no grupo de vivendas Jesús Rodríguez Alvarez en Pénjamo, existe abundante maleza a ambos lados da rúa e así o Camiño da Furadiña.

ROGAMOS que relicen os traballos necesarios para adecentar e limpar estas zonas.

Pola Sra. Alcaldesa se lle contesta que o Concello está ao tanto destas situacións e similares ,a parte da situación de estética, non reviste ningún perigo. A nosa obriga e priorizar as obras máis urxentes, polo que nos vemos obrigados a estar totalas semanas arranxando para poder chegar a bó fin.

4).-A estrada de sentido único, desde Augadoce (Area) ata a Casanova en Celeiro, conocida como Pista de Alboi, presenta abundante maleza a ambos lados o que ademáis de presentar un estado lamentable que provoca unha situación de perigosidade co aumento de trafico rodado e de peatóns nesta época do ano.

ROGAMOS á Delegación de Medio Ambiente que adopte as medidas necesarias para a súa limpeza.

Pola Sra.Alcaldesa se lle contesta que a Delegación de Medio Ambiente xa ven limpando e desbrozando totalas pistas, tanto coa máquina da Deputación como desbrozando os traballadores do Concello e que tamén está limpar e desbrozar esta pista de Alboi. Aclara que a Deputación traballa no mes de xuño na limpeza das praias, pero o programa-convenio das **Brigadas da Loita contra Incenidos** aínda non están contratados e este é un problema da Xunta de Galicia e do Sr.Feijoo.

E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra.Alcaldesa levántase a sesión sendo as vinteduas horas e coarenta minutos do día con que se encabeza esta acta, da que de todo o acordado a secretaria accidental, dou fe.

Vº. Bº.

A ALCALDESA

A SECRETARIA